

PROGRAMACIÓN
DO 2º CICLO
DE EDUCACIÓN INFANTIL

C.E.I.P. VILAVERDE

Curso 2020-2021

Programación

4º e 5º e 6ª de E.I. (3, 4 e 5 anos)

0.- PREÁMBULO RELATIVO Ó POTOCOLO E PLAN COVID

Debemos ter en conta que por mor da situación actual e da aplicación do plan e protocolo COVID, as planificacións feitas nas dinámicas do día a día na aula, teñen que estar abertas a cambios constantes, máis do habitual, polo que as diferentes UD-UDIS contan sempre cunha planificación adicional na cal se contempla, unha tarefa ou tema específico para o ensino mixto online. Este deseño debería permitir continuar o traballo realizado na aula presencial pero de forma diferente a través da aula virtual do centro. Para centralizar esta **información específica COVID, e os cambios a realizar** en base ós Plans COVID e indicacións feitas desde a administración, **engádese un novo apartado ó final desta programación.**

Deberá terse en conta que as indicacións feitas nesta programación deben cumprir sempre o protocolo e Plan COVID en vigor en cada centro, polo que non é posible detallar tódalas actuacións posibles en función dos cambios futuros.

Por todo o indicado deberán terse en conta, en relación ó presente documento o seguinte:

- Elaborase a presente programación partindo dunha situación de normalidade, que teoricamente podería chegarse a dar ó longo do curso.
- **Inclúese un apartado adicional sobre o protocolo COVID, ó final desta programación,** no que se sinalan as modificacións que hai que facer sobre esta programación en base ó protocolo existente e que poderá cambiar no tempo. Deste xeito, por exemplo, pode falarse ó longo da programación que se compartirá o material da aula, posto que nos poñemos nunha situación de normalidade; pero mentras que o protocolo en vigor non o permita, segundo o indicado nese punto final, non será de aplicación.
- Nas diferentes UD-UDIs que forman esta programación (identificadas como + ensino mixto) inclúesen propostas que pemitan continuar coas mesmas propostas pero de forma online.
- Existe unha UD específica sobre rutinas COVID que deixará de ter efecto no momento en que decaia o protocolo COVID.
- Existe algunha UDI que só se contempla como ensino online, indicada como “só ensino mixto”, que só poderá levarse a cabo no caso de ensino online, ou na aula cando decaia o protocolo COVID. Isto é debido a que pola súa natureza, non é compatible coas normas hixiénico sanitarias establecidas no protocolo.

Deste xeito, tentaremos que o proceso de ensino-aprendizaxe na aula sexa o máis similar posible ó que tiña lugar nos momentos pre-COVID, xa que ó partir da situación de “normalidade” poderemos ir graduando os diferentes niveis de adaptación que serán precisos ó plantexamento inicial. Facelo doutro xeito implicaría elaborar unha nova programación con cada nova instrución, posto que realidade da aula cambiaría, o cal non permitiría contar coa continuidade precisa para que teñan lugar unhas aprendizaxes significativas e que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa eficaz.

Así pois, de seguido, indicaremos o plantexamento para un día a día na aula “en situación de normalidade”, incluíndo un apartado final cos cambios a realizar na mesma en función da situación actual. Este punto final será o que terá que ser modificado de forma paulatina, segundo as diferentes instrucións e plans COVID que se elaboren en función da evolución da pandemia, e das indicacións da administración ó respecto.

Do mesmo xeito as diferentes UD-UDI plantéxanse a partir dunha situación de “normalidade”, á que terá que aplicarse as consideracións feitas neste apartado final da programación. Compleplando tamén, eso si, previsións para un ensino mixto con traballo online, tal como foi sinalado anteriormente e tal como queda reflectivo nas sucesivas Unidades Didácticas e Unidades Didacticas Integradas que confirman esta programación de aula.

1.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ANUAL

A presente programación didáctica anual planifica a actuación docente no ciclo de Educación Infantil ó longo do presente curso académico, marcando os obxectivos e contidos organizándoos dun xeito secuenciado no tempo e baseándose nun enfoque metodolóxico común, neste caso o constructivista. A programación está plantexada para os tres niveis do segundo ciclo de Educación Infantil, resulta máis coherente unha única programación, na que teñan cabida os tres niveis, que a redacción de cadansúa programación independente. Este plantexamento pretende por unha banda que a actuación docente sexa coherente cos principios metodolóxicos que se plantexarán posteriormente, que poidan organizarse actividades e traballos comúns a ambos niveis modificando unicamente o nivel de esixencia en función da idade e desenvolvemento de cada alumna e alumno e contribuír a unha mellor organización do traballo na aula.

Segundo o indicado anteriormente a concreción curricular das tres áreas, plasmadas dunha forma integrada relacionando os distintos elementos do currículo para unha mellor comprensión dos mesmos, foi elaborada de forma conxunta polo profesorado que interven no ciclo. Unha maior concreción será atopada nas Unidades Didácticas Integradas que se incorporan a esta programación.

O **enfoque constructivista** (*J. Piaget*) concibe a aprendizaxe como a construción do coñecemento partindo dos coñecementos previos do alumnado para, por medio de diferentes estratexias didácticas, lograr unha reestruturación dos esquemas cognitivos orixinais de xeito que se inclúan os novos coñecementos. Non se trata pois dunha “acumulación” de saberes senón de que cada nova contribución supoña a creación dun novo esquema cognitivo refundindo os coñecementos previos cos novos, modificando e ampliando os mesmos.

Este tipo de organización supón que o alumnado toma **parte activa** no seu proceso de aprendizaxe o que fai necesario o uso do **aprendizaxe por descubrimento** (*intervención na zona de desenvolvemento próximo – Vygotsky*) como a mellor vía de acceso ós novos coñecementos plantexados na escola, fundamentado na presenza de conflitos **cognitivos e a funcionalidade das tarefas propostas** (*Ausubel – Teoría da Aprendizaxe significativa*) que deberán ser superados polo alumnado. Uns conflitos que se presentarán máis eficazmente coa presenza do **traballo en grupo**, empregando diferentes tipos de organización (homoxéneos/heteroxéneos) segundo o momento didáctico e os obxectivos plantexados en cada caso; un traballo en grupo que ademais supón un dos eixos vertebradores das tres áreas de educación infantil como posteriormente se explicará. O tratamento das tres áreas será globalizado estando presentes as tres en tódalas tarefas propostas.

Este tipo de enfoque constructivista permite asemade atender as características individuais de cada alumna e alumno no que suporá un dos eixos fundamentais na

atención á diversidade dentro da aula, entendida esta non só como a atención a grupos sociais desfavorecidos, orixinarios de outras culturas ou con problemas de adaptación lingüísticos, senón como o respecto ás características individuais do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

Por todo o exposto faise necesaria unha **organización dos espazos, dos tempos e tarefas didácticas** distintas ás tradicionalmente empregadas nas aulas de Educación Infantil, feito que necesariamente nos leva a **unha forma distinta de plantexar as programacións didácticas** ó teren que incluír en elas aspectos metodolóxicos dificilmente secuenciados e que evolucionarán en función do desenvolvemento individual de cada alumno/a ó longo do curso académico, tales como o proceso de iniciación á lecto-escritura, iniciación nas habilidades lóxico-matemáticas, elaboración de proxectos de traballo, uso do contorno físico cambiante e dificilmente anticipable...

Tendo isto en conta, no presente documento indicaremos en primeiro lugar unha serie de aspectos metodolóxicos comúns presentes no desenvolvemento de tódalas unidades didácticas, aspectos que, como xa se comentou anteriormente, non poden ser enmarcados temporalmente nun momento do curso, como así o presupon a necesidade da existencia de unidades didácticas temporalizadas e secuenciadas no tempo, unha serie de aspectos que non poden ser asimilables a un centro de interese en concreto senón que son transversais a toda a práctica docente ó longo do curso.

Asemade a concepción da aprendizaxe como resultado do descubrimento do alumnado en interacción co medio, unido ós principios metodolóxicos e de actuación docente que de seguido se indicarán, fan necesaria unha reflexión sobre o plantexamento das **UNIDADES DIDÁCTICAS** como estruturas programadas que “encasillan” os aprendizaxes en momentos concretos, sen permitir que estes xurdan e poidan ser aproveitados cando o alumnado se atope nun grao de madurez que lle permita un verdadeiro aprendizaxe significativo do mesmo. É por esta razón que a presente programación organizarase en **PROXECTOS DE TRABALLO dentro de UNIDADES DIDÁCTICAS INTEGRADAS**, que poidan xurdir da vida cotiá da aula, así como que poidan ser “introducidos” mediante un axente motivante por parte do mestre. Isto supón que esta organización do traballo en “unidades” asimilables a “proxectos de traballo” non permita “encadrar temporalmente” todas as aprendizaxes, xa que a meirande parte deles se producirán de xeito continuo ó longo do curso (ver Tarefas didácticas).

Traballaremos tamén aspectos relacionados co pensamento creativo e as habilidades de pensamento, no que na presente programación será indicado como **“XOGAR A PENSAR”**, establecendo os obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación no apartado tarefas didácticas. As habilidades de pensamento que pretendemos traballar no presente curso son: habilidades de percepción, investigación, conceptualización, razoamento e tradución. Centraremos, asemade, parte do traballo na aula en tarefas de discriminación, identificación e identificación visual, empregando preferentemente xogos para tal fin. Centraremos o traballo relacionado co desenvolvemento da grafomotricidade do alumnado, en tódalas tarefas plantexadas ó longo desta programación, incidindo de

forma específica neste aspecto a través dunha serie de traballos de grafomotricidade do que se da cumprida conta no apartado específico.

Ao final da presente programación incluírase unha avaliación xeral do curso que se complementará cos datos obtidos nas avaliacións de cada unidade didáctica, sempre tendo en consideración de que se trata dunha **avaliación continua** tanto para o docente como para o alumnado da que, fundamentándonos no enfoque constructivista, deberá ser consciente ó igual que o deberá ser do seu proceso de aprendizaxe.

Por último establécense uns criterios de avaliación e os correspondentes indicadores de logro que permitan valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, así como a mellora constante da labor docente e a modificación dos plantexamentos metodolóxicos propostos.

Serán citados tamén os indicadores agardables ó final do ciclo (como resultado do acordo no Equipo de ciclo e na Comisión de Coordinación Pedagóxica) seguidos das aportacións ás competencias clave.

A presente programación anual toma como referencia o Deseño curricular Base da Comunidade Autónoma de Galicia establecido pola L.O.E (Lei orgánica 2/2006) publicado no Decreto 330/2009 do 4 de xuño e que se mantén sen modificación algunha na L.O.M.C.E (Lei orgánica 8/2013). Tívoise tamén en conta o Decreto de mínimos de Ed. Infantil derivado da L.O.E. así como as indicacións realizadas na lei para a Educación Infantil, ningunha delas modificadas pola L.O.M.CE.. Por último considerouse tamén o indicado na orde do 25 de xuño de 2009 sobre a “implantación, desenvolvemento e avaliación do segundo ciclo da Educación infantil” así como todas aquelas referencias lexislativas de aplicación.

Por último, tamén se ten en conta o indicado no Proxecto educativo do centro.

2.- ANÁLISE DO ENTORNO FÍSICO E SOCIAL DO CENTRO E DO GRUPO-AULA

A Presente programación está planificada para dous grupos de 3 anos (1º nivel), 21 nenos e nenas de 3 anos A e 20 nenos e nenas de 3 anos B. Dous grupos de 4 anos (2º nivel), 22 nenos e nenas de 4 anos A e 25 nenos e nenas de 4 anos B. Dous grupos de 5 anos (3º nivel), 25 nenas e nenos de 5 anos A e 25 nenos e nenas de 5 anos B.).

En de 4º de EI (ao inicio da escolaridade no centro) os agrupamentos faranse atendendo aos seguintes criterios:

- Data de nacemento, procurando que nos dous grupos haxa o mesmo nº de alumnado nado no 1º e 2º semestre do ano.
- Paridade nenos e nenas nos dous grupos.
- Alumnado de nee repartido nos dous grupos.
- Separando irmáns e irmás da mesma idade, xemelgas ou xemelgos e mellizas ou mellizos, alumnado que conviva no mesmo domicilio, de xeito que queden en grupos diferentes de cara a posibilitar a súa mellor autonomía e relacións sociais.

A **lingua materna** maioritariamente é o castelán tal como se indica no proxecto lingüístico como resultado das enquisas ás familias do alumnado. Procurarase tamén, dacordo coas citadas orientacións que marca a lexislación, a inclusión progresiva da segunda lingua (neste caso o galego) na Educación Infantil; para este fin empregaranse cancións, presenza de libros nas dúas linguas na biblioteca de aula así como o emprego de ámbalas dúas linguas no uso das tecnoloxías da comunicación e información.

O CEIP VILAVERDE-MOURENTE, está situado na periferia de Pontevedra. Nel escolarízase alumnado que maioritariamente procede da parroquia de Mourente e da parte leste da cidade de Pontevedra. Esta é unha zona habitada por familias novas, dun nivel socio económico de tipo medio. Un número significativo, tanto de nais como de pais, forma parte do funcionariado. Estas familias, inda que pola súa formación e, as anteriormente citadas, pola súa profesión coñecen o galego, teñen o castelán como a lingua de comunicación máis habitual, tanto entre elas como cos seus fillos e coas súas fillas. A gran maioría do alumnado ten como lingua materna o castelán, menos dun 10% o galego e unha pequena porcentaxe, un 2% aproximadamente, o árabe. Na zona existen varios centros e institucións, por exemplo, un Conservatorio de Música (CMUS Manuel Quiroga), un centro de saúde, unha escola infantil de primeiro ciclo "A galiña azul A Parda", un centro educativo concertado, a sociedade cultural e deportiva de Mourente, a cidade infantil Príncipe Filipe, o Hospital Montecelo,..

3.- CONCRECIÓN E RELACIÓNS CURRICULARES:

Indicamos, de seguido, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, establecidos no currículo oficial e adaptados ó noso centro para cada unha das tres áreas globalizadas da etapa. Establecemos para iso unha serie de relacións entre os distintos elementos, coas Competencias clave ás que se contribúe en cada caso e cos diferentes indicadores de logro.

Este tipo de organización mediante o establecemento de relacións curriculares, permite unha maior claridade no plantexamento dos mesmos, así como no seguimento da posta en práctica dos mesmos, permitindo ademais unha plasmación máis clara nas diferentes Unidades Didácticas Integradas, que completan esta programación, e nos que se concretarán estes elementos coa mesma estrutura.

Como se pode observar, partimos de cada un dos criterios de avaliación establecidos para, a partir do mesmo, asignar os obxectivos para o mesmo, establecendo finalmente unha serie de indicadores que permitan contrastar a consecución dos mesmos.

A numeración correspóndese coa orde na que os diferentes elementos aparecen no currículo oficial.

Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal en 4º de infantil

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	C.C.	Indicadores de logro
Bloque 1: O corpo e a propia imaxe						
4º	CSMAP	CSMAP.b - Coñecer e representar o propio corpo identificando as súas partes máis globais e algunhas das súas funcións	CSMAP-B.1.1-Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades. CSMAP-B.1.6-Vivenciación do corpo como un todo, para pasar a sentir as partes que o integran. CSMAP-B.1.2-Coñecemento do esquema corporal global.	CSMAP.1-Recoñece, identifica e representa o corpo na súa globalidade e asúas diferentes partes	CSIEE, CLL, CAA	4º-CSMAP.1.1-Sinala as partes principais do seu corpo 4º-CSMAP.1.2-Logra un esbozo da figura humana, diferenciando cabeza e corpo, brazos, mans e pes
4º	CSMAP	CSMAP.b - Avanzar na precisión de xestos e movementos	CSMAP-B.1.5-Potenciación da construción do esquema corporal a partir de sensacións e percepcións do propio corpo, e da súa interacción coas outras persoas, o medio e os obxectos.	CSMAP.2-Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	CSIEE, CCL	4º-CSMAP.2.1-Ten unha boa coordinación de movementos. 4º-CSMAP.2.2-Mantén o equilibrio estático: sobre un pé, nas puntas,...

			<p>CSMAP-B. 1.13-Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais máis básicas en relación co propio corpo, coas persoas e cos obxectos.</p> <p>CSMAP-B.2.3-Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.</p> <p>CSMAP-B.2.7-Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.</p> <p>CSMAP-B.2.9-Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.</p> <p>CSMAP-B. 1.15-Identificación manifestación, regulación e control de necesidades básicas do corpo como o control de esfínteres e a hixiene no aseo.</p>			<p>4º-CSMAP.2.3-Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo (itinerarios, circuitos, percorridos,..).</p> <p>4º-CSMAP.2.4-Representa o esquema corporal en diferentes posicións.</p> <p>4º-CSMAP.2.7-Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando,..).</p> <p>4º-CSMAP.2.5-Presenta un bo dominio na manipulación de pezas pequenas e de construción, quebracabezas, manexo de tesoiras..</p> <p>4º-CSMAP.2.6-Oriéntase e localiza lugares significativos</p> <p>4º-CSMAP.2.8-Sitúa os obxectos: diante-detrás, dentro-fóra, arriba-abaixo, preto- lonxe, enriba-debaixo, primeiro-derradeiro.</p>
4º	CSMAP	<p>CSMAP.b-Coñecer e representar o propio corpo identificando as súas partes máis globais e algunhas das súas funcións.</p>	<p>CSMAP-B. 1.16-Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas que proveñen dos propios músculos e articulacións e das percepcións exteroceptivas- dos sentidos.</p> <p>CSMAP-B. 1.10-Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión e percepción.</p> <p>CSMAP-B. 1.17-Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea.</p>	<p>CSMAP.3-Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.</p>	CCL, CSIEE	<p>4º-CSMAP.3.2-Localiza unha fonte sonora, sen apoio visual.</p> <p>4º-CSMAP.3.1-Explora sensorialmete elementos do contorno , verbalizando as sensacións.</p> <p>4º-CSMAP.3.3-Identifica e nomea as cores de uso habitual.</p> <p>4º-CSMAP.3.4-Discrimina silencio-son</p>
4º	CSMAP	<p>CSMAP.a-Formarse unha autoimaxe positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior yaautonomía persoal.</p>	<p>CSMAP-B. 1.3-Adquisición de confianza nas capacidades propias e potenciación do afán de superación</p> <p>CSMAP-B. 1.9-Aceptación e valoración positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e coñecendo as limitacións propias</p> <p>CSMAP-B.2.4-Satisfacción polo crecente dominio persoal</p> <p>CSMAP-B.4.4-Petición e aceptación de axuda nas actuacións que así o requiran</p> <p>CSMAP-B. 1.7-Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo.</p>	<p>CSMAP.4-Construir unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.</p>	CCL, CSIEE, CSC	<p>4º-CSMAP.4.2-Solicita axuda cando a precisa</p> <p>4º-CSMAP.4.3-Recoñece e acepta as súas características persoais</p> <p>4º-CSMAP.4.4-Confía nas súas posibilidadesde acción e movemento</p> <p>4º-CSMAP.4.1-Actúa autónomamente</p>

4º	CSMAP	CSMAP.a-Adquirir progresivamente a concepción de sí mesmo como un ser autónomo e independente. CSMAP.h- Comezar a ser consciente das diferencias individuais e iniciarse no respecto a éstas.	CSMAP-B.1.11-Observación dos cambios físicos nas persoas ó longo do tempo CSMAP-B.1.12-Aceptación da identidade e características das demais persoas, respectando as diferenzas CSMAP-B.1.14-Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino.	CSMAP.5-Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.	CCL, CSC, CSIEE	4º-CSMAP.5.1-Verbaliza diferenzas físicas entre as persoas 4º-CSMAP.5.2-Observa e verbaliza características diferentes nun compañeiro ou nunha compañeira. 4º-CSMAP.5.3-Coñece as diferenzas físicas entre nenos e nenas.
4º	CSMAP	CSMAP.c-Identificar os propios sentimentos e emocións, necesidades e preferencias e ser capaces de expresalos e comunicalos. CSMAP.a-Adquirir progresivamente a concepción de sí mesmo como un ser autónomo e independente.	CSMAP-B.1.4-Control progresivo dos propios sentimentos e emocións. CSMAP-B.1.18-Vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. CSMAP-B.1.8-Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.	CSMAP.6-Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.	CCL, CSC, CSIEE	4º-CSMAP.6.1-Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes estados de ánimo.
Bloque 2: Xogo e movemento						
4º	CSMAP	CSMAP.b-Avanzar na precisión de xestos e movementos.	CSMAP-B.2.11-Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas. CSMAP-B.2.12-Aceptación do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais.	CSMAP.7-Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.	CSC, CSIEE	4º-CSMAP.7.2-Ten en conta ós compañeiros e compañeiras no desenvolvemento dos xogos. 4º-CSMAP.7.1-Participa en xogos amosando unha destreza motora axeitada ó agardado para a idade.
4º	CSMAP	CSMAP.e-Adecuar o propio comportamento ás necesidades ou requerimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración. CSMAP.i-Descubrir o xogo como medio que favorece o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións e a aceptación de regras.	CSMAP-B.2.1-Participación nos xogos e na actividade motriz, amosando actitudes de constancia. CSMAP-B.2.2-Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con adultos. Aceptación do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais. CSMAP-B.2.13-Fortalecemento de vínculos afectivos: amizade, cooperación, axuda, solidariedade,...a través do xogo. CSMAP-B.2.5-Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar. CSMAP-B.2.6-Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento dos xogos propios da comunidade.	CSMAP.8-Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.	CSC, CSIEE, CCL	4º-CSMAP.8.2-Supera o feito de non gañar nos xogos de competición. 4º-CSMAP.8.1-Intégrase en xogos e actividades de grupo, cooperando cos demais nenos e nenas. 4º-CSMAP.8.3-Acepta as regras dos xogos. 4º-CSMAP.8.4-Mantense participando nun mesmo xogo un tempo importante. 4º-CSMAP.8.5-Respecta aos compañeiros e compañeiras e persoas adultas
Bloque 3: A actividade cotiá						
4º	CSMAP	CSMAP.d-Tomar a iniciativa, aceptar as pequenas frustracións e ser quen de solicitar axuda.	CSMAP-B.3.7-Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das	CSMAP.9-Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	CSC, CSIEE, CCL	4º-CSMAP.9.2-Organízase de acordo coas súas posibilidades.

		CSMAP.g-Progresar na adquisición de hábitos de orde e constancia no desenvolvemento das tarefas.	normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais. CSMAP-B.3.4-Regulación do propio comportamento. CSMAP-B.3.1-Satisfacción pola realización de tarefas e conciencia de propia competencia. CSMAP-B.3.2-Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización. CSMAP-B.3.3-Hábitos elementais de constancia, atención, iniciativa e esforzo. CSMAP-B.3.6-Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda. CSMAP-B.2.8-Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao seu medio.			4º-CSMAP.9.3-Acepta ter que esperar a súa quenda 4º-CSMAP.9.1-Soluciona pequenos problemas da vida cotiá.. 4º-CSMAP.9.4-Distingue os diferentes momentos e situacións dentro da aula e adaptación a eles. 4º-CSMAP.9.5-Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade. 4º-CSMAP.9.6-Remata as tarefas e actividades que empeza 4º-CSMAP.9.7-Participa na planificación dos proxectos desenvolvidos na aula.
Bloque 4: O coidado persoal e saúde						
4º	CSMAP	CSMAP.f - Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e a alimentación.	CSMAP-B.4.1-Recoñecemento das necesidades básicas do corpo- hixiene, alimentación, descanso.. CSMAP-B.4.2-Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso. CSMAP-B.4.5-Comprensión da necesidade das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. CSMAP-B.4.6-Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde. CSMAP-B.4.7-Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. CSMAP-B.4.8-Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas.	CSMAP.10-Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	CSIEE	4º-CSMAP.10.1-Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno. 4º-CSMAP.10.2-Recolle e coloca os obxectos habituais da clase (mochila, bandexa, abrigo..) 4º-CSMAP.10.3-Ao rematar unha actividade (individualmente e en equipo), colabora para ordenar o material.
4º	CSMAP	CSMAP.f-Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a	CSMAP-B.4.9-Emprego axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións	CSMAP.11-Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas	CSIEE	4º-CSMAP.11.2-Desprázase de forma autónoma, advertindo os perigos e amosando actitudes prudentes.

		hixiene e a alimentación.	de risco. CSMAP-B.4.10-Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.			4º-CSMAP.11.1-Entra e sae da aula en orde
--	--	---------------------------	--	--	--	---

Coñecemento do contorno en 4º de infantil

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	C.C.	Indicadores de logro
Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida.						
4º	CC	CC.a - Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións significativas, e amosando interese polo seu coñecemento.	CC-B.1.1-Interese pola exploración e clasificación de obxectos presentes no medio, recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns. CC-B.1.2-Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, e da súa aplicación na vida diaria. CC-B.1.3-Aproximación á cuantificación de coleccións.	CC.1-Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.	CCL, CMCT, CSIEE	4º-CC.1.1-Agrupa os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo. 4º-CC.1.2-Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado. 4º-CC.1.3-Identifica as propiedades físicas empregando os seus sentidos, amosando curiosidade polo mundo que o rodea. 4º-CC.1.4-Agrupa e clasifica os obxectos atendendo a diferentes atributos e criterios de clasificación. 4º-CC.1.5-Compara os obxectos segundo as súas propiedades físicas.
4º	CC	CC.h - Avanzar no dominio das habilidades matemáticas, establecendo relacións de agrupamentos e clasificación, orde e cuantificación.	CC-B.1.5-Recoñecemento e emprego do número na vida diaria e a súa funcionalidade (clasificar, numerar, contar, informarse, ordenar elementos). CC-B.1.9-Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo. CC-B.1.6-Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade en situacións contextualizadas e significativas. CC-B.1.7-Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.	CC.2-Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.	CMCT, CSIEE, CCL	4º-CC.2.1-Interésanlle os números e o seu emprego na vida cotiá, representándoos empregando diferentes estratexias (debuxando raías, puntos...) 4º-CC.2.2-Fai uso dos números en situacións funcionais e cun valor conceptual como: indicar ascantidades dos ingredientes dunha receita, recoller o número de nenos que asisten a unha excursión, compoñentes dun equipo, xogos de mesa... 4º-CC.2.3-Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico. 4º-CC.2.4-Resolve manipulativamente pequenos problemas e situacións problemáticas concretas relacionadoscoa súa vida diaria que implican a aplicación de operacións de cálculo sinxelas como facer reparticións 4º-CC.2.5-Emprega os cuantificadores máis,

						menos, igual.
4º	CC	CC.c -Formular hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables afectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.	CC-B.1.8-Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá. CC-B.1.10-Investigación do comportamento físico de materiais e obxectos en diferentes situacións e con variadas accións. CC-B.1.11-Achegamento a algunhas magnitudes físicas (manipulables) a través da estimación: comparando, sopesando, observando. CC-B.1.12-Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación ao seu uso. CC-B.1.20-Aproximación á utilización de sistemas de medición convencionais (pesas, regras, termómetro, balanza...)	CC.3-Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.	CMCT, CSIEE, CCL	4º-CC.3.1-Emprega medidas arbitrarias de capacidade (mans, pes, cuncas, botellas,...) para resolver situacións problem 4º-CC.3.2-Busca estratexias para resolver situacións problemáticas 4º-CC.6.1-Iniciouse no emprego, en situacións significativas, de sistemas de medición convencional, como regras, termómetros, pesas..
4º	CC	CC.h -Avanzar no dominio das habilidades matemáticas, establecendo relacións de agrupamentos e clasificación, orde e cuantificación.	CC-B.1.4-Identificación de figuras xeométricas básicas (cadrado, círculo, triángulo). CC-B.1.19-Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos.	CC.4-Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.	CMCT, CSIEE, CCL	4º-CC.4.1-Explora lúdicamente as propiedades e as características dalgúns corpos xeométricos elementais.
4º	CC	CC.i -Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica comprendendo e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordeando, comparando, cuantificando, medindo, pesando,...	CC-B.1.15-Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a un mesmo, empregando o vocabulario topolóxico elemental. CC-B.1.17-Vivenciación, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas,...	CC.5-Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación a obxectos e as demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental.	CMCT, CSIEE, CCL	4º-CC.5.1-Coloca os obxectos e persoas, localízaos e verbaliza a súa posición empregando as nocións: diante- detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, arriba-abaxo, a un lado e a outro lado, antes de, despois de, entre. 4º-CC.5.2-Localiza en planos sinxelos, acompañados de imaxes, lugares significativos. 4º-CC.5.3-Representa e interpreta o espazo empregando debuxos, fotografías, planos, mapas...
4º	CC	CC.i -Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica comprendendo e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando,...	CC-B.1.14-Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. CC-B.1.10-Aproximación ó uso do calendario. CC-B.1.16-Aproximación ó uso do calendario. CC-B.1.18-Secuencia temporalmente feitos significativos vivenciados. CC-B.1.13-Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as	CC.6-Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.	CMCT CSIEE CCL	4º-CC.6.2-Capta a periodicidade e asocia tempos horarios con determinadas accións e situacións asociadas á súa actividade (saída ao recreo, xantar, dormir...), anticipando e recordando unha secuencia de eventos 4º-CC.6.3-Relaciona de forma básica feitos concretos cunha determinada época do ano (estacións do ano) 4º-CC.6.4-Diferenza as nocións temporais de:

			actividades da vida cotiá.			antes-despois-agora, 4º-CC.6.5-Relaciona os diferentes fenómenos atmosféricos coas iconas que as representan. 4º-CC.6.6-Secuencia 3 escenas sobre feitos que tiveron lugar na escola.
Bloque 2: Achegamento á natureza						
4º	CC	CC.c -Comprender que o contorno está sometido a cambios, relacionados cos factores que os producen, verificando se as hipóteses feitas sobre os cambios no contorno se adecúan á realidade ou non, através de investigacións sobre o mesmo CC.b -Desenvolver actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade para a conservación do contorno.	CC-B.2.1-Identificación dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. Diferenzas entre seres vivos e seres inertes CC-B.2.2-Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos. CC-B.2.5-Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e prantas CC-B.2.6-Descubrimento das diferentes formas en que se atopa a auga natureza, comprendendo a súa contribución ó desenvolvemento dos seres vivos e do medio. CC-B.2.8-Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana. CC-B.2.9-Gozo ó realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. CC-B.2.7-Valoración da importancia da natureza para a saúde e o benestar. CC-B.2.10-Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando os resultados mediante distintas representacións. CC-B.2.11-Os axentes atmosféricos, a súa representación e relación cos cambios na natureza	CC.7-Dar mostras por interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.	CMCT, CSIEE, CCL	4º-CC.7.2-Fai preguntas sobre obxectos, situacións, persoas e fenómenos, formula hipóteses e expresa as súas observacións, con linguaxe verbal e non verbal. 4º-CC.7.3-Rexistra con debuxos, esquemas, gráficos e escrituras convencionais ou non o observado ou experimentado. 4º-CC.7.1-Identifica e aplica na súa vida normas básicas para a conservación do contorno, valorando críticamente as accións humanas que contaminan e danan o medio ambiente. 4º-CC.7.4-Participa nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.
4º	CC	CC.c-Comprender que o contorno está sometido a cambios, relacionados cos factores que os producen, verificando se as hipóteses feitas sobre os cambios no contorno se adecúan á realidade ou non, através de investigacións sobre o mesmo.	CC-B.2.4-Observación e identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas dos seres vivos	CC.8-Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos.	CMCT, CSIEE, CCL	4º-CC.8.1-Identifica que os seres vivos cambian co paso do tempo, incluídas as persoas 4º-CC.8.2-Identifica a necesidade da alimentación nos seres vivos para "medrar" e describe as características físicas dos seres vivos.

Bloque 3: Cultura e vida en sociedade						
4º	CC	CC.d - Relacionarse cos outros, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social. CC.e - Coñecer e respectar as características, valores e formas de vida dos grupos sociais máis próximos á súa experiencia e identificarse como membro do mundo, respectando as diferencias dos outros CC.f -Establecer relacións de confianza, afecto, comprensión e pertenza, baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade á que pertencen.	CC-B.3.1-Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen. CC-B.3.2-Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias. CC-B.3.5-Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento..	CC.9-Identificar e coñecer os grupos sociais máis sifnificativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.	CSIE, CCL, CSC	4º-CC.9.1-Nas saídas, móstrase prudente e evita situacións de perigo. 4º-CC.9.2-Nomea os membros da súa familia (parentescos próximos) e outras persoas do seu marco social 4º-CC.9.4-Xoga con outros compañeiros e compañeiras da aula chegando a acordos 4º-CC.9.5-Conta cousas das súas experiencias familiares e transmite mensaxes da escola á casa e da casa á escola (contando, por nota...) 4º-CC.9.6-Busca a relación coa persona docente para: contarlle as súas cousas, vivencias, pedir axuda e pedir ou comprobar información sobre temas diversos. 4º-CC.9.7-Coñece e leva a cabo as rutinas da aula. 4º-CC.9.9-Amósase conciliador/a cando xorde un conflito. 4º-CC.9.10-Colabora co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, chegando a acordos, 4º-CC.9.3-Asume as responsabilidades que lle son asignadas. 4º-CC.9.8-Acepta, respecta e participa na elaboración das normas de funcionamento da aula e adapta o seu comportamento ás regras en diferentes contextos.
4º	CC	CC.f ? Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características , producións culturais, valores e formas de vida	CC-B.3.4-Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na comunidade, evitando estereotipos sexistas.	CC.10-Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.	CSIE, CCL, CSC	4º-CC.10.1-Coñece algúns medios de transporte e comunicación. 4º-CC.10.2-Recoñece o persoal que traballa nas dependencias escolares e explica a súa función.
4º	CC	CC.e -Coñecer e respectar expresións culturais dos grupos ós que se pertence. CC.g -Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e cultura galegas. CC.f -Amosar interese por coñecer as diferencias con outras culturas.	CC-B.3.3-Interese e disposición favorable para iniciar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas. CC-B.3.6-Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo devida co paso do tempo: sucesos e persoas relevantes da historia da súa	CC.11-Recoñecer algunhas manifestacións culturais proximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.	CSIE, CCL, CSC	4º-CC.11.1-Relaciona aspectos traballados na aula, con feitos culturais próximos. 4º-CC.11.2-Participa e recoñece as festas populares que se celebran no seu contorno, coñecendo feitos, costumes e obxectos relacionados con estas celebración

			comunidade, do seu país e do mundo.			
--	--	--	-------------------------------------	--	--	--

Linguaxes: comunicación e representación en 4º de infantil

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	C.C.	Indicadores de logro
Bloque 1: Linguaxe verbal						
4º	LCR	LCR.a - Utilizar as diversas linguaxes para comunicar, expresar ideas e sentimentos, para aprender e como fonte de desfrute. LCR.b - Utilizar manifestacións non verbais como o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfato, o tacto, para comunicarse.	LCR-B.1.1-Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conducta e das dos demais LCR-B.1.2- Uso progresivo de vocabulario variado e cada vez máis preciso, mellorando a entoación, a pronunciación e a estruturación de frases. LCR-B.1.5-Acomodación progresiva dos seus enunciados ós formatos convencionais. LCR-B.1.6-Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas- saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...	LCR.1-Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	CCL CSC	4º-LCR.1.2-Comunicase coas persoas adultas. 4º-LCR.1.4-Emprega expresións convencionais de cortesía para saudar: ola, bos días, boas tardes e boas noites e de despedida: ola, adeus, ata mañá. 4º-LCR.1.3-Comunicase cos demais (compañeiros e adultos), emprega sinais extralingüísticos (xesto, entoación, expresión) para reforzar o significado das súas mensaxe, e adecuando o tono de voz á situación. 4º-LCR.1.1-Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias, empregando con precisión o vocabulario que posúe e incorporando palabras novas.
4º	LCR	LCR.d - Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos, con diferentes interlocutores e en diversidade de contextos. LCR.e - Comprender a intencionalidade comunicativa dos outros.	LCR-B.1.4-Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas, usando argumentos nas súas conversas, respectando as quendas e escoitando atentamente.	LCR.2-Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	CSIEE, CCL	4º-LCR.2.1-Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas e comprende as explicacións (instrucións sinxelas) que se dan na clase. 4º-LCR.2.2-Participa activamente nas conversas da aula, recordando feitos e situacións vividas e facendo achegas coherentes ás conversas en grupo. 4º-LCR.2.3-Respecta as quenda de palabra
4º	LCR	LCR.f - Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira e amosar interese e gozo ó participar nestes intercambios comunicativos.	LCR-B.1.7-Interese por expresarse nunha lingua estranxeira, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.	LCR.3-Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.	CCL, CSC, CAA	4º-LCR.3.3-Participa en intercambios orais moi básicos nunha lingua estranxeira: saúdar, responder cunha palabra... co vocabulario traballado. 4º-LCR.3.1-Amosa interese por expresarse nunha

						<p>lingua estranxeira.</p> <p>4º-LCR.3.2-Amosa interese por entender o que di unha lingua estranxeira</p>
4º	LCR	<p>LCR.h - Identificar e diferenciar entre imaxe e representación gráfica como formas de comunicación. LCR.g - Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos</p>	<p>LCR-B.1.8-Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.</p> <p>LCR-B.1.3-Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica</p> <p>LCR-B.1.11-Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais (o seu nome e o dos compañeiros, palabras de uso na aula). Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas e cualitativas. Iniciación ó coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.</p> <p>LCR-B.1.13-Escoita e comprensión da lectura en voz alta, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</p>	<p>LCR.4-Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.</p>	<p>CCL, CMCT, CSC, CCEC, CAA</p>	<p>4º-LCR.4.1-Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno, formulando hipóteses sobre o que está escrito nos mesmos</p> <p>4º-LCR.4.2-Recoñece o seu nome.</p> <p>4º-LCR.4.3-Percibe que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais teñen unha funcionalidade determinada.</p>
4º	LCR	<p>LCR.g- Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos LCR.h - Recoñecer e recrear o nome propio como primeiro elemento comunicativo escrito, comprendendo a súa necesidade e uso.</p>	<p>LCR-B.1.10-Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.</p> <p>LCR-B.1.11-Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais (o seu nome e o dos compañeiros, palabras de uso na aula). Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas e cualitativas. Iniciación ó coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.</p> <p>LCR-B.1.12-Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.</p> <p>LCR-B.1.8-Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.</p>	<p>LCR.5-Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...</p>	<p>CCL,, CSC, CAA</p>	<p>4º-LCR.5.3-Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non) en gran grupo ou de forma individual para transmitir información, escribir un conto... en situacións contextualizadas e reais.</p> <p>4º-LCR.5.1-Escribe o seu nome a con axuda dun modelo</p> <p>4º-LCR.5.2-Crea e recrea textos significativos seguindo as hipóteses da etapa indeterminada ou silábica sen correspondencia sonora, segundo o ritmo madurativo do alumno.</p>
4º	LCR	<p>LCR.g - Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos</p>	<p>LCR-B.1.9-Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</p> <p>LCR-B.1.13-Escoita e comprensión da lectura en voz alta, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</p> <p>LCR-B.1.15-Memorización e recitado de</p>	<p>LCR.6-Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...</p>	<p>CCL, CSC, CAA</p>	<p>4º-LCR.6.1-Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...</p> <p>4º-LCR.6.2-Gusta de participar en xogos lingüísticos "encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas..." acompañados de respostas corporais.</p>

			<p>textos sinxelos (poemas curtos, rimas,?). LCR-B.1.14-Dramatización de textos literarios, desfrute e interese por expresarse a través de recursos non lingüísticos. LCR-B.1.16-Participación creativa en xogos lingüísticos. LCR-B.1.17-Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios así como en diálogos filosóficos.</p>			
6º	LCR	LCR.m - Achegarse ó coñecemento e emprego das TIC-ordenadores, Internet, pantalla dixital, vídeo,...- como ferramentas de busca de información, de creación, expresión, comunicación e desfrute.	LCR-B.3.4-Coñecemento, coidado e uso, na mediada das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas. LCR-B.3.1-Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación. LCR-B.3.3-Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e comunicación. LCR-B.3.2-Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación, documentais. LCR-B.3.5-Achegamento ó uso do ordenador, a cámara fotográfica, nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais, a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons. LCR-B.3.6-Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.	LCR.10-Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.	CCL CD CSC CAA	6º-LCR.10.5-Recoñece a utilidade e emprega a cámara fotográfica e de vídeo como ferramenta para captar a realidade. 6º-LCR.10.3-Prende e apaga o ordenador. 6º-LCR.10.4-Usa as iconas para acceder aos programas. 6º-LCR.10.1-Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación, na procura de información para o desenvolvemento de proxectos na aula. 6º-LCR.10.2-Fai uso do ordenador na produción de textos, a través de programas de edición de textos. 6º-LCR.10.6-Imprime, de forma autónoma, unha creación ou o resultado de usar unha aplicación informática

4.- ASPECTOS ADICIONAIS Á CONCRECIÓN E RELACIÓNS CURRICULARES:

Se ben figuran xa citados na anterior concreción curricular integrada, destacamos de seguido algúns aspectos relacionados cos obxectivos e contidos en eidos moi concretos a aplicar na aula, de xeito que se atopen unificados baixo un epígrafe común de cara a unha utilidade práctica.

4.1.- Obxectivos da aproximación á lecto-escritura e lóxica matemática:

No tocante á **aproximación á lecto-escritura** establécense os seguintes obxectivos xerais para o alumnado de 3 anos, respectando en todo caso o ritmo madurativo do alumnado:

- Coller o útil de xeito apropiado.
- Diferenciar as grafías das letras doutras grafías e/ou números e debuxos
- Identificar o son das grafías do seu nome.
- Recoñecer o seu propio nome e o das compañeiras e compañeiros.
- Escribir o nome propio sen modelo.
- Mostrar interese pola escritura.

No tocante á **aproximación á lecto-escritura** establécense os seguintes obxectivos xerais para o alumnado de 4 anos, respectando en todo caso o ritmo madurativo do alumnado:

- Escribir de xeito autónomo e fluído o nome propio sen modelo.
- Recoñecer o nome dos compañeiros e compañeiras e ser quen de escribilos usando un modelo.
- Progresar na evolución das diferentes etapas do desenvolvemento da aprendizaxe da lecto- escritura, tentando chegar a un momento “silábico-vocálico” se así o permitise a maduración de cada alumna e alumno. En todo caso conquistar o meirande avance posible neste proceso de acordo a súa evolución e maduración.
- Empregar unha direccionalidade correcta.
- Empregar e entender a lectura e escritura como un proceso con finalidade comunicativa.
- Representar as grafías dun xeito correcto e fluído de acordo o seu desenvolvemento na maduración da súa psicomotricidade fina,
- Ser creativos nas súas producións escritas.
- Coñecer diferentes tipos de textos e as súas características.
- Levar a cabo de forma correcta diferentes tipos de trazo, segundo o agardado para a súa idade.

No tocante á **aproximación á lecto escritura** establécense os seguintes obxectivos xerais para o alumnado de 5 anos, respectando en todo caso o ritmo madurativo do alumnado:

- Progresar na evolución das diferentes etapas do desenvolvemento da aprendizaxe da lecto- escritura, tentando chegar a un momento “silábico-alfabético” se así o permitise a maduración de cada alumno/a. En todo caso conquistar o meirande avance posible neste proceso de acordo a súa evolución e maduración.
- Coñecer o nome dos compañeiros e compañeiras e ser capaz de escribilos sen modelo.
- Ler segundo a hipótese na que se atope (por aproximación da inicial) carteis, palabras e pequenas frases con sentido eminentemente funcional.
- Aproximarse (no caso dos alumnos e alumnas que xa superaran o período alfabético en maiúsculas) a escritura convencional en letra minúscula: manuscrita ou script.
- Identificar a necesidade de deixar ocos entre as palabras para a mellor comprensión do escrito.
- Ser creativos nas súas producións escritas.
- Empregar estruturas e modos distintos á hora de escribir diferentes tipos de textos.
- Levar a cabo de forma correcta diferentes tipos de trazo, segundo o agardado para a súa idade.

En canto ó **aspecto lóxico matemático**, ademais dos indicados nos obxectivos anteriores destacamos os seguintes obxectivos xerais para os alumnos de 3 anos, respectando sempre o diferente ritmo evolutivo do alumnado:

- Iniciarse na representación gráfica dos números como diferente á das letras ou debuxos.
- Iniciarse na noción de “contar” como acumulación de obxectos.
- Aproximarse ás nocións temporais, espaciais e de cantidade.
- Primeira aproximación ao uso funcional dos números
- Recoñecer atributos básicos dos obxectos (cores, formas, tamaño...)
- Identificar a súa idade como un número.
- Solucionar problemas básicos de lóxica a través da manipulación de obxectos

En canto ó **aspecto lóxico matemático**, ademais dos indicados nos obxectivos anteriores destacamos os seguintes obxectivos xerais para o alumnado de 4 anos, respectando sempre o diferente ritmo evolutivo do alumnado:

- Afondar no concepto de cantidade asociado a unha grafía.
- Coñecer a funcionalidade dos números na vida cotiá (numeración das casas, teléfonos, alturas...) entendendo que non sempre indican cantidade, senón que tamén orde.
- Coñecer e representar gráficamente os números traballados.
- Coñecer as principais nocións espaciais e temporais: arriba, abaixo ... e a súa representación sobre o plano.
- Coñecer outras nocións de cantidade: mais, menos, grande, pequeno..
- Aproximarse ás nocións de medida.
- Elaborar series e clasificacións segundo varios criterios dados.

- Aproximarse ás nocións de adición e sustración usando elementos da vida cotiá.
- Identificar e coñecer as diferentes formas xeométricas que nos rodean e plasmarlas no plano.
- Iniciarse na resolución de problemas sinxelos.

En canto ó **aspecto lóxico matemático**, ademais dos indicados nos obxectivos anteriores destacamos os seguintes obxectivos xerais para o alumnado de 5 anos, respectando sempre o diferente ritmo evolutivo do alumnado:

- Afondar no concepto de cantidade asociado a unha representación gráfica, aventurando hipóteses sobre que sucede cando pasamos “do número nove”.
- Coñecer a funcionalidade dos números na vida cotiá (numeración das casas, teléfonos, alturas...) investigando sobre porque se empregan números e non outro tipo de símbolos.
- Aproximarse ás medidas convencionais de lonxitude, masa e volume, e coñecer a necesidade de que estas existan relacionadas con elementos gráficos numéricos.
- Coñecer e representar graficamente os números traballados.
- Interpretar e reflexionar sobre o significado da existencia do número “0” aceptando a súa utilidade en números de máis dunha decena.
- Coñecer as principais nocións espaciais en relación a outros obxectos do entorno: arriba de , abaixo de ... e a súa representación sobre o plano.
- Aproximarse á orientación no espazo e ser capaces de plasmar no plano mediante “fitos” itinerarios e recorridos coñecidos.
- Coñecer outras nocións de cantidade en relación a outros elementos do entorno: máis que menos que...
- Obter criterios para clasificar elementos a partir dun grupo de obxectos dados, realizando a clasificación “inversa”.
- Comprender ás nocións de adición e sustración de cantidades con material presente, aproximándose, en función do desenvolvemento do alumnado, o algoritmo da suma, resta comprendendo o significado do signo igual.
- Identificar e coñecer as diferentes formas xeométricas que nos rodean e plasmarlas no plano, así como a aproximación ás formas volumétricas e a súa formación a partir de figuras planas.
- Empregar estratexias para resolver situacións problemáticas.

4.2.- Contidos específicos relacionados coas actitudes, valores e normas:

Se ben a actual lexislación non os diferencia dentro dos contidos (xa indicados na concreción curricular integrada), á fin de enmarcalos dentro do indicado **no Plan de convivencia do centro**, e para telos organizados nun mesmo lugar, indícanse a continuación os contidos a tratar a este respecto.

- respecto polas características propias e alleas.
- imaxe positiva de si mesmo/a.
- gusto pola aprendizaxe e investigación como fonte de coñecementos.
- gusto pola creatividade e respecto polas creacións propias e alleas.
- a colaboración cos/cas demais.
- respecto e coidado da natureza e seres vivos que a conforman
- respecto ós/ás demais: iguais e adultos/as.

- aceptación e respecto polas normas sociais e grupais tanto ordinarias como acordadas.
- respectar as quendas de palabra nos diálogos cos iguais.
- hábitos de hixiene e coidado do corpo.
- hábitos de orde e limpeza dos espazos na aula e dos obxectos de uso persoal e uso común.
- interese e potencial da curiosidade na participación nos proxectos de traballo
- respecto pola propia tradición e da dos demais.
- aceptación das potencialidades e limitacións propias.
- respecto das potencialidades e limitacións dos demais.
- o diálogo para solucionar os conflitos.
- a creatividade e expresión artística.
- respecto por ambas linguas en pe de igualdade.
- valoración dos/das demais e as relacións de amizade con eles/elas.
- relación de confianza entre o profesorado e o alumnado.
- Solución de conflitos a través de diálogo.

5.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS E “TAREFAS DIDÁCTICAS”:

Na introdución deste documento apuntáronse unha serie de principios didácticos que son a base na que se sustenta a presente programación didáctica anual. A continuación comentaranse máis polo miúdo xunto á inclusión doutros aspectos metodolóxicos e didácticos adicionais e suplementarios ós mesmos.

Nun segundo momento centrarémonos nunha serie de tarefas globais e presentes ó longo de tódalas Unidades Didácticas, que denominaremos “tarefas didácticas” (que posteriormente se indicarán) e que constituirán o núcleo fundamental e a plasmación na práctica dos principios metodolóxicos plantexados.

5.1- Principios metodolóxicos:

Globalización: Aceptando que a aprendizaxe non se leva a cabo por acumulación de elementos a estrutura cognitiva da alumna e do alumno (esquemas cognitivos), senón pola reorganización dos mesmos integrando os elementos existentes cos novos; faise necesario un tratamento globalizado do proceso de ensino- aprendizaxe no cal a alumna e o alumno poida interrelacionar os seus coñecementos previos cos novos.

Tendo en conta que tódolos coñecementos abarcan diferentes campos tanto físicos, sociais como afectivos é imprescindible o tratamento “global” de todos eles e non por separado ou como compartimentos estancos.

Asemade se pretende desenvolver no alumnado tódalas capacidades tanto físicas como afectivas, sociais e intelectuais dun xeito global xa que toda actividade realizada polas nenas e nenos pon en marcha de xeito simultáneo mecanismos afectivos, comunicativos, psicomotores, cognitivos.... que deben ser abordados dun xeito global partindo sempre das experiencias cotiás do alumnado.

Construtivismo: O alumnado constrúe a súa aprendizaxe partindo dos seus coñecementos previos, de xeito que os novos elementos introducidos supoñan a reestruturación (reelaboración, enriquecemento e diversificación) dos seus esquemas cognitivos. Neste senso o papel do mestre será o de crear as condicións necesarias que inciten o alumno/a a iniciar un proceso de reflexión, investigación, descubrimento e superación dos “conflitos cognitivos” plantexados.

Aprendizaxe significativa: Partindo sempre dos coñecementos previos dos alumnos/as os nenos integrarán as novas aprendizaxes nos seus esquemas cognitivos de xeito que adquiran un significado para eles.

Socialización e comunicación: Considerando a colaboración e traballo en grupo como a mellor vía para lograr unha aprendizaxe realmente significativa, fomentárase a organización de actividades de carácter grupal onde a comunicación e o diálogo sexa a vía de solución de problemas, conflitos e respecto ás diferencias.

Afectividade e actividade: Creárase un ambiente democrático, onde o alumno/a teña parte activa (non só receptora) no seu proceso de aprendizaxe, fomentando as relacións afectivas cos compañeiros, respecto as diferencias. Asíse darase importancia o potencial de cada quen considerando os alumnos como “seres intelixentes e con tódalas posibilidades abertas” escoltando, aceptando, acordando e tomando un papel activo na aula na toma de *decisións autónomas*.

Individualización e tratamento á diversidade: Teráse en conta durante todo o proceso de ensino- aprendizaxe as características individuais do alumnado así como as súas peculiaridades e ritmos evolutivos individuais. Planteráse sempre que sexa preciso aspectos relativos ó reforzo e ampliación, tendo especial coidado en aquelas alumnas e alumnos con necesidades educativas especiais.

Funcionalidade e aprendizaxe por descubrimento: Preténdese en todo momento que as actividades propostas sexan funcionais para as nenas e nenos de xeito que atopen nelas una necesidade, un obxectivo e un porqué de realizalas. Este tipo de tarefas de carácter funcional buscarán sempre a aprendizaxe por descubrimento, de xeito que o alumno/a mediante a súa práctica e actividade “descubra” e integre nos seus esquemas cognitivos os novos coñecementos

Aprender a aprender: Dotárase ao alumnado das ferramentas e estratexias necesarias para elaborar o seu propio aprendizaxe (auto aprendizaxe) o importante non é o que se sabe senón dispoñer das ferramentas necesarias para que autonomamente poda chegar a ditos coñecementos cando os precise.

O CEIP Vilaverde aposta, de acordo coas súas liñas metodolóxicas, por un traballo no que se contemplan recursos variados, durante este período os recursos dixitais serán fundamentais en todas as etapas e niveis.

Promoverase unha atención á diversidade inclusiva adaptando, na medida do posible, o que cumpra (nivel nas actividades, recursos, probas de avaliación, axustes de tempos e espazos, ...) para achegarse ás características do alumnado.

No suposto de ensino non presencial usaranse a aula virtual, os blogs de nivel e os medios dixitais que permitan manter a comunicación (teléfono, videochamada, videoconferencia,...) e tamén manteranse contactos a través da aplicación TokApp (que deberán ter todas as familias do centro).

A *coordinación vertical e horizontal entre o profesorado* do centro e os equipos será fundamental para desenvolver un traballo adecuado, coherente e progresivo ademais de garantir continuidade e profundamento no proceso de aprendizaxe-ensino.

As medidas metodolóxicas e organizativas que se establezan terán que ser acordes coas liñas e principios sinalados no CEIP a través dos documentos de centro e relacionadas co paradigma socioconstrutivista da aprendizaxe. *Realizaranse propostas integradoras*

(integración de materias e áreas) ou *globalizadoras* que faciliten o desenvolvemento das competencias, potenciarase o uso de proxectos e promoveranse medidas de aprendizaxe cooperativa con estratexias que non impliquen intercambio de materiais e manteñan as medidas de seguridade. A *metodoloxía* de traballo permitirá que o alumnado desenvolva estratexias para aprender a coñecer e controlar os seus procesos de aprendizaxe e facelo cada vez de xeito máis autónomo e eficaz, traballaranse sistematicamente estratexias de autoavaliación, de estudo e executivas.

Todas as áreas e materias incluírán de maneira transversal a *educación para a igualdade entre os sexos, a educación emocional e a educación para a saúde* facendo fincapé en actuacións preventivas, de protección e hixiene.

Esencializarase o currículo, promovendo o traballo sobre aqueles aspectos curriculares fundamentais, valorándose as aprendizaxes imprescindibles en cada nivel, promoverase a incorporación de aprendizaxes non adquiridas do curso anterior e todo dentro dun enfoque integrador e competencial, evitando facer áreas/ materias estanco ou illadas. (Isto aparece recollido no plan COVID do noso centro).

5.11.- Principios de actuación docente:

Ademais dos citados principios metodolóxicos teranse en conta na actuación docente os seguintes aspectos.

- O neno/a aprende actuando polo tanto fomentarse a actividade e participación do alumnado na aula
- Aceptarase e fomentarse a necesidade expresiva e comunicativa do alumnado.
- Aceptarase o dereito do alumnado a equivocarse, a frustración e a desenvolver autonomamente (coa mediación do profesorado) as estratexias necesarias para asumir os erros e aprender deles.
- Aceptarase e fomentarse a iniciativa dos alumnos/as na proposta de tarefas a desenvolver na aula, facéndooos deste xeito partícipes do seu proceso de aprendizaxe. O profesorado terá tamén que “amosar” as diferentes posibilidades de exploración e traballo máis aló das motivacións e posibilidades coñecidas polo alumnado. (abrir o seu campo de actuación)
- Adecuarase a linguaxe empregada co alumnado a súa idade e características, sen caer no tecnicismo excesivo nin na linguaxe “simplona” que infravalore as súas posibilidades como seres dotados de intelixencia e dun alto potencial de aprendizaxe.
- Establecerase cos alumnos/as unha relación afectiva e de complicidade sen esquecer, en ningún caso, que o mestre ten unha función educadora evitando ocupar a “figura do amigo”. Crearase un clima de confianza mutua na aula.
- Fomentarse todo tipo de tarefas que supoñan o traballo en grupo, colaboración e respecto os demais, sempre dende unha visión democrática e participativa do alumnado. Lembrando que a función “socializadora” da escola é a máis importante da educación infantil.

5.1.2.- Principios metodolóxicos relativos á aproximación ó proceso de lecto-escritura:

Tendo en conta a importancia dada xeralmente polas familias do alumnado a este tipo de aprendizaxes académicos, e co fin de clarificar as bases nas que se sustentarán este tipo de aprendizaxes académicos, indícanse a continuación os principios nos que se baseará a acción na aula neste eido:

- Non é finalidade nin obxectivo da educación infantil “ensinar a ler e escribir” non obstante isto non implica que se inicie este proceso e se faga unha aproximación á lecto-escritura, tal como indica a lexislación ó respecto, tendo sempre en conta e respectando o desenvolvemento evolutivo e capacidades do alumnado en cada momento.
- O proceso de aproximación á lectoescritura realizarase empregando o **enfoque constructivista** cuxos principios foron expostos anteriormente e que se fundamentan na posta en práctica na aula no seguinte:
 - Respectarase o *proceso evolutivo dos alumnos* plantexando conflitos cognitivos relativos á lecto escritura.
 - Aceptarase que para unha necesaria e correcta evolución lecto-escritora o alumnado teña que pasar por unha *serie de estádios ou etapas* (en ocasións coincidentes no tempo) como son: indiferenciación texto/imaxe, garabato, escritura indiferenciada, escritura diferenciada, escritura diferenciada con valor sonoro convencional, escritura vocálico-silábica (alfabético-silábica) e escritura alfabética convencional.
 - O *proceso lector* evolucionará paralelo ó proceso escritor sempre dende un punto de vista global. Tendo en conta sempre, que no enfoque constructivista o aprendizaxe escritor e aparentemente anterior ó lector.
 - Tendo en conta o principio de *significatividade* partírase sempre de *elementos relativos a súa vida cotiá* e significativos: o nome propio, nome dos compañeiros, nomes dos familiares.... O cal non implica que sexa imprescindible achegar ao alumnado diferentes elementos novos.
 - Empregarase na *aula todo tipo de textos*: cómics, narrativos, descritivos, anuncios, cartas, páxinas web.... Atendendo sempre a función informativa (como fonte de información) e de lecer dos textos escritos.
 - En base o principio de *funcionalidade* tódalas tarefas plantexadas terán *unha finalidade coñecida polo alumno/a e serán significativas para ela ou el* (elaboración dunha axenda, os nomes nos colgadoiros, anotar os libros que se levan para casa, busca de información para proxectos, notas informativas para os pais....). A finalidade última é que a alumna ou alumno asimile a “*necesidade da existencia da escritura e da lectura*”, fomentando o inicio dun proceso de descubrimento do código escrito e resolvendo os

conflictos cognitivos que sexan plantexados polo profesorado.

- Os textos escritos polo alumnado serán tratados co respecto que merecen ó seren creacións dos alumnos/as como resultado dun proceso de investigación (preferentemente grupal) e de descubrimento do código escrito partindo dos seus coñecementos. Non hai textos mal escritos senón mellorables, sempre e cando se adecúe o resultado ás capacidades do noso alumnado (un garabato para unha nena ou neno que se atopa nunha etapa silábica non pode ser aceptado como correcto, independentemente das causas que desembocasen nesta acción como a falla de motivación, significatividade da actividade...)
- Fomentarse a escritura libre e autónoma por parte dos alumnos/as fora dos momentos plantexados polo mestre (nos recantos – zonas educativas, nos xogos,) facendo xurdir a necesidade escritora e lectora.
- A rotulación de elementos na aula (nomes dos recantos, lista de encargados/as...) será racional e adecuada as necesidades funcionais da lecto escritura. Non se poñerá nome a tódalas cousas, senón a aquelas que o precisen pola súa funcionalidade e necesidade acordada co alumnado.
- Valoraranse os logros evolutivos do alumnado na lecto-escritura, pero sempre indicando que todo é susceptible de mellora e plantexando conflitos que o leven a evolucionar na súa aprendizaxe do código escrito e o paso dunha etapa a outra.
- O proceso de *aprendizaxe lecto-escritor desenrólase dun xeito natural* no alumnado sempre e cando se ofrezan os recursos e estratexias adecuadas, polo que as tarefas convencionais de grafomotricidade (bucles....) non se empregarán de xeito sistemático ó considerarse a estes como non funcionais e carentes de significado para o alumnado. *Os trazos das grafías apréndese dun xeito natural coa práctica e por observación e imitación inconsciente.* Do mesmo xeito non se tratarán os sons e grafías por separado, sempre estarán dentro dun contexto comunicativo lecto-escritor e non como entes illados. *Serán as propios alumnas e alumnos quen descubran o código e os elementos que o conforman conforme aparezan e sexan necesarios desde un punto de vista funcional e significativo.*
- Empregaranse as grafías en maiúscula das letras ao seren máis sinxelas de realizar e permitir unha maior evolución no eido lectoescritor. Considerando ademais o paso de maiúsculas a minúsculas (a realizar en primaria) como moi doado unha vez teñen adquiridas as nocións básicas relativas á lectoescritura. Considérase en certo sentido a escritura con maiúsculas como un exercicio grafomotiz de cara ó aprendizaxe das letras minúsculas nun momento posterior.

- A lecto-escritura estará presente na aula pero non forzando a súa aparición de xeito artificial, existen innumerables momentos educativos nos que é necesaria e funcional a súa aparición.

5.1.3.- Principios metodolóxicos relativos á aproximación ós aspectos lóxico-matemáticos:

- No tocante á lóxica-matemática o proceso de adquisición de aspectos relativos a calidades físicas dos obxectos (tamaños, dimensións, peso, alturas...) desenvolveranse seguindo os principios anteriormente enumerados, enmarcándoos sempre nun contexto funcional e significativo.
- No tocante a *grafía dos números* os recentes estudos que na Educación Infantil o alumnado non ten desenvolvido suficientemente (na meirande parte dos casos) os seus mecanismos cognitivos como para asimilar conceptos de inclusión numérica (5 inclúe a 4 e a vez inclúe a 3) imprescindibles para a correcta comprensión da cantidade numérica asociada a súa grafía.
- En todo caso as grafías dos números si aparecerán e serán tratadas na aula como elementos cotián existentes na súas vidas no cal se pode iniciar unha aproximación académica ós mesmos. Primando o recoñecemento dos números e cantidade que simbolizan sobre a escritura convencional da grafía dos mesmos.
- Respectarase e teranse sempre en conta o ritmo evolutivo, características e potencialidades de cada alumno/a como ente individual, de xeito que calquera dos puntos anteriores sexa susceptible de modificación.
- Empregaranse unha serie de rexistros encamiñados á *aproximación da serie numérica e as grafías que a compoñen*. Todas elas son máis explicadas na tarefa educativa relativa ás rutinas, pero de xeito xeral se fundamentan no seguinte:
 - a data (rexistro diario, en recantos, no rexistro da biblioteca)
 - o número de alumnos e alumnas (asistentes/ausentes, xogos de regras que impliquen límite numérico, número máximo de asistentes nos recantos)
 - a idade persoal e a dos compañeiros e compañeiras.
 - os números da vida do alumnado (idade, teléfono, peso, altura, matrícula coche...). Elaboraranse neste sentido traballos como axendas, medidores...
 - uso convencional dos números como cantidade: prezos, idade, conteo de obxectos...

- uso convencional dos números como ordinais: posición e lugar con respecto a si mesmo e ós demais.
- Os instrumentos convencionais de medición con carácter funcional: regras, pesos, distancias...
- Os planos: localización de elementos na aula e da aula no centro como aproximación ó aspecto simbólico matemático.
- No tocante as nocións espaciais: maior-menor, alto-baixo... as tarefas plantexadas se centrarán en traballos preferentemente motrices nos que o propio alumnado sexa partícipe, tanto en relación a él mesmo como a elementos alleos.

5.2.- Tarefas didácticas:

A posta en práctica na aula dos principios indicados anteriormente ademais do indicado nas diferentes unidades didácticas, levarase a cabo cunha serie de **tarefas didácticas** que estarán presentes ó longo de todo o curso sendo os eixos vertebradores da actividade docente.

A existencia destas tarefas que denominaremos "**tarefas didácticas**" non implica nin que sexan as únicas nin que sexan empregadas en todo momento, se ben debido a súa importancia na consecución dos obxectivos plantexados terán un papel predominante.

O tempo destinado a cada unha destas tarefas virá indicado en cada caso pola dinámica propia do grupo de alumnado, se ben esta será considerada como unha pauta xeral sendo sempre susceptible de modificación en función dos principios metodolóxicos plantexados.

Considerando que hai alumnado que se incorpora por primeira vez a un centro educativo, todas estas tarefas didácticas **serán introducidas de xeito paulatino ó longo do curso**, tentando que o coñecemento do funcionamento das mesmas por parte das compañeiras e compañeiros, axude á inclusión do novo alumnado no uso e participación nestas *tarefas didácticas*.

Por último, antes de expoñer pormenorizadamente cada unha delas, facemos constar que todas son susceptibles de modificacións ó longo do tempo e en función do exposto *no principio de individualización e de atención a diversidade*, así como dos demais principios metodolóxicos citados. Do mesmo xeito é posible que como consecuencia da investigación docente se inclúa algunha nova tarefa educativa que será incluída na presente programación en calquera momento (atendendo as características de aberta e flexible que a lexislación actual outorga á mesma)

5.2.1.- Tarefas didácticas relativas ás RUTINAS:

Considéranse rutinas a todas aquelas tarefas didácticas que o alumnado levará a cabo de xeito sistemático diariamente (en principio) ó longo do curso, aproveitando deste xeito a necesidade de repetición e sistematización que demandan as nenoas e os nenos destas idades, para lograr determinados aprendizaxes.

- Obxectivos específicos:
 - o Progresar e aceptar a aula/centro como parte da súa vida enmarcada nun espazo e tempo determinado distinto ó da súa casa.

- Aproximarse á concepción da “medición convencional do tempo” e ó paso do mesmo notando a presenza de “momentos de cambio” determinados ó longo da mañá (recreos, saída, entrada, presenza doutro profesorado) e que se repiten sistematicamente semana tras semana.
- Sentirse parte dun grupo maior no que uns dependen dos outros e no que a participación de todos é necesaria.
- desenvolver a súa autonomía persoal amosando as súas diferenzas e respectando as diferenzas dos demais pertencentes ó grupo aula.
- Comprender e aceptar normas e valores imprescindibles para a convivencia na aula (pactadas ou por convención social), recoñecendo a necesidade de coñecer un código que permita poder “lelas” e entendelas en calquera momento.
- Acadar e fortalecer relacións de amizade coas compañeiras e compañeiros e de complicidade co profesorado.
- Coñecer a finalidade de determinados espazos na aula e a necesidade da existencia dun orde imprescindible para a convivencia.
- Coñecer o valor funcional da lectura e escritura así como das cantidades e da súa representación gráfica.
- Valorar a autonomía como unha adquisición progresiva e enriquecedora.

Contidos:

- A aula e o Centro (dependencias e zonas de uso común na mesma: colgadoiros, zona de xogos, patio, a portas de saída e entrada)
- Os métodos de medición convencional do tempo (reloxo, calendarios, horarios...) e a forma de computalo (horas, minutos, días, semanas, meses...).
- As normas de convivencia na aula (e na sociedade): quendas, orde...
- O grupo de iguais e a súa división en subgrupos (por idades) ou supergrupos (ciclos, centro...).
- Os espazos de uso común na aula, a súa finalidade e utilización: colgadoiros, zonas educativas (recantos), aseos, zona de traballo (mesas, cadeiras, encerados), zonas de rexistro, lugares de saída e entrada.
- Os espazos de uso común no Centro e a súa finalidade: o patio, corredores, aula de informática, biblioteca do centro...
- O nome propio, o nome dos compañeiros/as (a súa representación escrita), as cantidades numéricas e a súa representación gráfica.
- Participar nas quendas de encargado/a asumindo as responsabilidades co grupo aula que isto comporta (máis explicado na tarefa educativa de zona de rexistro).
- Acordar – pactar certas normas de convivencia que son necesarias na aula (tamén aplicable ós recantos ou zonas educativas como logo se explicará).
- Manipular os métodos de medición do tempo: reloxo, calendarios (ver zona de rexistro), horario de clases (onde se indican dun xeito convencional cando virán á aula os especialistas, ou cando se producen determinados momentos educativos rutineiros na aula: recantos, recreo, biblioteca...)

- Empregar os colgadoiros e zonas comúns da aula e centro segundo os acordos tomados para o seu uso ou as indicacións feitas ó respecto de cada un.
- Poñer e quitar de forma autónoma (con axuda dos compañeiros/as en determinadas ocasións) o mandilón e prendas de vestir. Empregando de forma progresivamente autónoma os lugares destinados para cada un dos elementos na aula.
- Respecto ás diferencias dos outros.
- Aceptación das súas características propias.
- As normas da aula como necesarias para a convivencia.
- As relacións de amizade e o respecto mutuo que estas supoñen.
- A orde como necesaria na vida (sempre na súa xusta medida)
- O gusto por superar as “teóricas limitacións”

Explicación e principios metodolóxicos:

Ó longo do tempo na aula existen unha serie de tarefas ou accións que se repiten sistematicamente durante a semana nun momento do tempo prefixado, son as que chamaremos rutinas. A continuación indícanse as empregadas na aula:

Encargada ou encargado: a figura do encargado/a fundaméntase na evolución da autoestima xunto co desenvolvemento da súa autonomía. Asemade esta figura implica formar parte dun grupo que nese momento depende del para certas tarefas. O encargado/a é quen fai as rutinas da asemblea e todo aquilo que o grupo da clase acorde como as súas funcións.

A encargada ou encargado ponse un distintivo,(medalla, coroa...)

A encargada ou encargado tamén comprobará se hai correspondencia das nosas mascotas na aula.

En determinados momentos, e para tarefas concretas, poderá crearse a figura da encargada ou encargado para unha actividade concreta.

Entradas e saídas: As entradas e saídas da aula (para o recreo, casa, aula de informática) teñen que facerse dun xeito ordenado para “non molestar os demais”, esta base deberá ser coñecida polo alumnado antes de plantexar a necesidade de que a encargada ou encargado vaia primeiro e os demais en orde sen correr, berrar...

Empregaremos o feito de “facer a fila” para desenvolver no alumnado habilidades lingüísticas e de ordinalidade, xa que o encargado/a deberá ir chamando ós compañeiros e compañeiras na orde que desexe.

Colgadoiros e mesas persoais: Cada alumna e alumno ten o seu colgadoiro (co seu nome pegado, deste xeito estamos a traballar o coñecemento do seu nome propio, se ben nos primeiros momentos xunto ó nome figurará a fotografía da alumna e alumno, para outros seguridade e prioridade os aspectos de autonomía), que cambiará de lugar e quedará en solitario sen fotografía “sen avisar” despois de certo tempo para crear un conflito cognitivo que o leve a descubrir a necesidade de “recoñecer o seu nome” independentemente de onde estea situado ou sen ter referente de apoio (fotografía).

O mesmo sucede coas mesas nas que cada nena e cada neno ten o seu nome, de xeito que cada alumno/a terá que “atopar a súa entre as demais”, deste xeito discrimínase o seu nome á vez que o entre os dos outros.

En todo caso estes elementos no se considerarán como “algo persoal” ou de propiedade senón que de uso “momentáneo e como forma de organizarse”.

Asemblea: considerando que a comunicación entre o alumnado e o profesorado é vital e parte imprescindible da educación infantil, é imprescindible que existan ó longo do día momento de “charla” en gran grupo sobre temas de interese do noso alumnado.

No recibimento diario do alumnado haberá un diálogo “persoal” con cada unha delas e un deles (benvinda e outros comentarios) de este xeito estamos a darlle ao alumnado o papel de ser “autónomo” e independente do grupo, e como tal nos diriximos a él.

As conversacións en gran grupo terán lugar tódolos días (se é preciso) pero no “tempo” que a dinámica e vida a aula o fagan xurdir, probablemente non tódolos días xurda na primeira sesión nada que comentar pero si ó longo da mañá, algún feito significativo fará xurdir este diálogo.

En todo caso sempre despois dos recantos ou proxectos de traballos (como xa se indicará) terá lugar un diálogo cos compañeiros/as sobre o feito e as conclusións sacadas en cada caso.

Tendo en conta as posibles limitacións comunicativas que poidan xurdir derivadas da idade do alumnado, o profesorado poderá “orientar e guiar” conversacións nun primeiro momento de modo que sirva de “modelo” e referente.

Avaliación da tarefa:

Empregarase a observación e o anecdotario para facer un seguimento da evolución destas “rutinas” introducindo as modificacións necesarias que sexan precisas en función dos problemas xurdidos.

Do mesmo xeito será avaliada cada unha das rutinas verificando a súa utilidade real sendo susceptibles de modificacións no seu plantexamento ou posta en práctica.

Fomentarase un proceso de auto avaliación no alumnado tentando que este sexan capaces de “notar” a súa propia evolución (xa son capaz de recoñecer os nomes de outros e outras, xa entendo como “funciona o da encargada ou encargado”, xa acepto tal norma...) e a ser posible dos erros que comete que poda evitar.

5.2.2.- Tarefas didácticas da ZONA DE REXISTRO:

Obxectivos específicos:

- Aproximarse á funcionalidade da lecto-escritura.
- Aceptar como necesarios os métodos de rexistro e coñecer diferentes vías de rexistrar acontecementos.
- Comprender a necesidade da organización do tempo e espazo.
- Coñecer e recoñecer a escritura do seu nome e das súas compañeiras e compañeiros.
- Coñecer o uso funcional da grafía dos números con valor cuantitativo.
- Coñecer os días da semana e dos meses do ano.
- Aproximarse á necesidade funcional dos números e a súa representación gráfica na vida cotiá.

- Aproximarse o funcionamento e comprensión das listas, series de números, táboas de dobre entrada...
- Desenvolver hábitos de responsabilidade dos actos propios no grupo, aumentando a súa autoestima e coñecemento da súa identidade como ser autónomo.
- Observar o contorno e notar os cambios que nel se producen por variacións meteorolóxicas e estacionais.

Contidos:

- O nome propio (forma escrita do mesmo) e os nomes das compañeiras e compañeiros.
- Os nomes dos días da semana, meses do ano e estacións.
- Os axentes meteorolóxicos (choiva, néboa, neve, sol, nubes...)
- As estacións e os cambios que producen
- Os números ata o 31 correspondentes os días do mes.
- O horario como forma de plasmación sobre papel dos momentos distintos que se dan ó longo do día. (recreo, especialistas, biblioteca...)
- A cantidade numérica asociada a súa representación gráfica (contar os/as compañeiros/as que están ou non están na aula)
- Elementos discretos que conforman o seu nome e o das compañeiras e compañeiros (letras)
- Participar na utilización das zonas de rexistro segundo a orde establecida e acordada.
- Acordar o xeito de utilización dos diferentes rexistros.
- Empregar os rexistros como fonte de información en diferentes tarefas (coñecer nomes das compañeiras e compañeiros, empregar determinadas palabras como base para escribir outras...)
- Participar na organización dos recantos – zonas educativas (ver apartado específico) respectando as normas de asignación dos mesmo.
- A organización como necesaria nas tarefas diarias.
- O respecto ás normas acordadas ou plantexadas.
- Respectar as quendas marcadas.
- Respectar as características dos demais (maior ou menor soltura no emprego das zonas de rexistro).
- Hábitos de colaboración e axuda ós demais.

Explicación e principios metodolóxicos:

Partindo do principio exposto relativo o enfoque constructivista do aprendizaxe da lecto-escritura, buscando un enfoque funcionalista nas tarefas plantexadas na aula e tentando traballar nos obxectivos anteriormente propostos; plantéxase o emprego dunha serie de **rexistros** dentro do que daremos en chamar zona de rexistros.

A zona de rexistro é unha parte da aula na cal se acumulan unha serie de formas de “anotar” determinados aspectos relativos á vida cotiá da aula, tendo sempre unha funcionalidade e finalidade clara coñecida polos alumnos/as.

Os rexistros plantexados son os seguintes:

Rexistro da encargada ou encargado: trátase dunha lista de nomes (coa súa correspondente fotografía) das compañeiras e compañeiros da aula (inclúese o nome do profesorado de titoría coa súa foto como referente lecto-escritor do seu nome pero sen valor de encargado). Nel diariamente e de xeito

sucesivo será a encargada ou encargado una alumna ou alumno da listaxe de xeito descendente.

Este mecanismo deberá ser coñecido polo alumnado e permitirá a aproximación o emprego de listas e traballar a direccionalidade arriba- abaixo empregada na lectoescritura convencional. A orde de cada liña da lista é: número, fotografía, nome. Neste caso a direccionalidade é esquerda - dereita que é a mesma empregada na lectoescritura convencional.

Do mesmo xeito, nesta listaxe de encargadas e encargados o alumnado deberá “plantexar hipóteses” de que facer no caso de que falte o que lle correspondía ser a encargada ou encargado, anticipar solucións, calcular cando lle tocará ser a encargada ou encargado (contar e asociar a cantidade co paso do tempo e cos días....)

Por último, esta lista de encargados/as servirá como “fonte de referencia” dos nomes das compañeiras e dos compañeiros onde acudirán a “consultar” cando o precisen, ou ben para “comparar” os nomes alí indicados (con representación gráfica da foto) con outros escritos pero sen representación gráfica.

Nome da encargada ou encargado con letras móbiles: cada encargada ou encargado deberá escribir no encerado ou na pantalla, o seu nome tomando de modelo o nome escrito polo profesorado. Despois, a encargada ou encargado contará as letras do seu nome...

Rexistro casa-colexio: trátase de dous rexistros complementarios, formados pola silueta dunha casa e dunha escola (indicados por escrito con nome CASA e ESCOLA buscando una finalidade funcional e referencial). En cada casa hai ocos con “belcro” onde se ponde pegar os nomes dos alumnos/as de xeito que se indique se está na casa ou no colexio, e así poder contar cantos hai en cada “rexistro” comparándoo co número de alumnado que hai na aula en realidade, deste xeito seguimos a traballar na asociación da cantidade coa súa plasmación gráfica á vez que se traballan conceptos de “máis, menos, onte, agora, despois...”.

Calendario: Consiste por unha banda dunha serie de tarxetas correspondentes ós números do día dos meses (do 1 ó 31), dunha serie de tarxetas cos nomes dos días da semana (incluídos sábado e domingo), dos meses do ano e dos axentes meteorolóxicos máis habituais (choiva, néboa, sol...).

Ademais na aula terase pendurado un calendario con números de tamaño axeitado, a ser posible no que en cada folla se atope un mes, finalidade deste calendario é ir tachando os días que pasan (o seu correspondente número) e anotar “días significativos” de xeito que se anticipen feitos no tempo, ademais de coñecer cando debemos “cambiar” no noso calendario a tarxeta do mes, xa que uns teñen 31, 30 ou 28. Deste xeito estamos a introducir ao alumnado no mundo das cantidades representadas por símbolos gráficos.

A encargada ou encargado de empregar este rexistro será a ou o responsable con ou sen axuda segundo demande.

Rexistros de recantos - zonas educativas: (explicado no apartado correspondente a dita tarefa educativa)

Rexistro da biblioteca de aula: (explicado no apartado correspondente a dita tarefa educativa)

Rexistro dos proxectos de traballo: (explicado no apartado correspondente a dita tarefa educativa)

A encargada ou encargado rexistra á entrada e saída do alumnado que está ou non no centro empregando os seus nomes con velcro en dúas casas (casa/colexio) ou na pizarra dixital.

Horario diario: cada día, empregando unha tarxeta e no rexistro do calendario, incluírase xunto ó nome a referencia dos mestres ou “feitos” que terán lugar ó longo do día, ordenados e separados por unha liña que indique á hora da merenda. Deste xeito tentaremos traballar a secuenciación de feitos ó longo do día así como a anticipación dos mesmos.

Temporalización:

Estes rexistros (a excepción dos catro últimos) levaranse a cabo ó entrar na aula sendo a encargada ou encargado quen autonomamente organice o “traballo nos diferentes” rexistros. O tempo dedicado ós rexistros dependerá da dinámica xurdida en cada caso e das contribucións ou conflitos cognitivos que se poidan crear espontánea ou premeditadamente en cada un deles.

Avaliación:

Avaliarase mediante observación e “reflexión do alumnado” tanto o proceso de aprendizaxe e funcionamento dos diferentes rexistros así como mediante una “auto reflexión do propio alumnado” sobre a súa evolución na utilización dos mesmos: (xa sei ler o nome de tódolos meus compañeiros, sei que día é hoxe se onte foi..., xa sei que número toca hoxe se onte tocou...)

Ademais avaliarase o funcionamento dos recantos adaptándoos, modificándoos e ampliándoos se fose necesario.

5.2.3.- RECANTOS – ZONAS EDUCATIVAS:

A concepción que nesta programación se outorga os recantos, que chamaremos tamén zonas educativas, pode distar das concepcións tradicionais que viñan sendo atribuídas ó “traballo por recantos” de aí que se empregue esta segunda denominación.

Entendemos o recanto, ou zona de traballo, como unha zona da aula destinada a “traballar con determinado tipo de material” de forma autónoma e por iniciativa e decisión razoada da propia alumna ou alumno previa ó seu uso. Ademais sempre existirá unha reflexión posterior por parte do alumnado sobre os problemas xurdidos nos recantos e se o feito neles se axusta ó previamente previsto. Indiquemos tamén que se trata dun momento ideal para a observación do profesorado de xeito sistemático da alumna e do alumno nunha situación distendida, sobre todo no tocante ás relacións sociais establecidas.

Existe unha clara diferenza entre o “xogo libre” nos recantos, e os recantos como zonas de traballo, nos primeiros non existe planificación previa, elección meditada e asunción de compromisos de responsabilidade e colaboración coas compañeiras e cos compañeiros, asemade tampouco hai una reflexión explícita posterior, de aí que se consideren como situacións diferenciadas, encamiñada a segunda ó desenvolvemento da autonomía do alumnado e á toma de decisións autónomas por parte do alumnado.

Obxectivos específicos:

- Desenvolver a toma de decisións autónomas e independentes por parte do alumnado.
- Aumentar o grao de responsabilidade do alumno/a nas decisións tomadas aceptando as consecuencias que poida ter.
- Anticipar as consecuencias que poida ter a toma de determinadas decisións.
- Traballar en grupo con compañeiros/as que non elixiu, senón cos que comparte o uso dun determinado espazo elixido autonomamente.
- Adquirir hábitos de orde e colaboración no mantemento ordenado do recanto unha vez rematado o traballo-xogo nel, aceptando este feito como unha das “responsabilidades” aceptadas coa elección dun determinado recanto.
- Coñecer e explorar actividades e tarefas distintas as que “habitualmente lle interesan” ampliando deste xeito o marco de elección e de intereses motivantes persoais.
- Aprender a aceptar os erros como parte da vida, a asumilos e tomar accións encamiñadas a súa superación.
- Aceptar como necesaria a reflexión anterior e posterior os recantos como xeito de “auto avaliarse”, facerse consciente do seu aprendizaxe e vía de evitar erros.
- Aceptar a existencia de normas acordadas nos recantos que permitan a convivencia e uso dos espazos comúns respectando ós demais
- Respetar os diferentes gustos das compañeiras e dos compañeiros aceptando as diferencias individuais sen atribuír roles estereotipados específicos por sexo ou condición social.
- Usar as cores con valor simbólico, aproximación os símbolos
- Aceptar o uso funcional dos números indicando cantidade.

Contidos:

- O nome propio e dos compañeiros/as.
- O nome dos recantos e o uso do cadro de dobre entrada.
- Os nomes dos días da semana e a súa necesidade para organizar os recantos.
- Os números: grafía e valor cuantitativo
- O horario de aula para coñecer en que momento nos toca recantos.
- As cores
- A autonomía, independencia e reflexión na toma de decisións.
- O espazo físico na aula, a súa distribución e utilización.
- O xogo simbólico.
- Participar nos recantos ou zonas de traballo.
- Participar na organización dos recantos e zonas de traballo – rexistro.
- Elixir o recanto en base a criterios razoados.
- Reflexionar sobre o feito en cada recanto.
- Respetar e pactar as normas dos recantos.
- Respecto as diferencias persoais.
- Gusto por descubrir novos intereses distintos ós que coñece ou está habituado a demandar.
- Respetar as normas acordadas e pactadas así como a orde prefixada indicada no recanto polos nomes.
- Colaborar coas compañeiras e cos compañeiros no mantemento e ordenación do recanto.

- Gusto polo orde lóxico e necesario do material.
- Gusto pola creatividade persoal e desenvolvemento das súas potencialidades creadoras.
- Gusto pola lectura como forma e lecer.
- Superación dos estereotipos asociados a home/muller (recanto da cociña). (educación para a igualdade de xénero – coeducación)

Explicación e principios metodolóxicos:

Atendendo as indicacións feitas na introdución desta programación, así como no encabezado deste apartado teremos en conta os seguintes principios para o traballo por recantos na aula:

- Os recantos plantexados inicialmente serán: arte, biblioteca, cociña/casa (xogo simbólico), xoguetes, lóxica-matemática. En todo caso ó longo do curso iranse modificando en funcións da “vida aula”. Teranse en conta as oportacións e suxerencias do alumnado para a súa modificación
- A elección do recanto farase de xeito autónomo por cada alumno/a, tras unha reflexión que se fará de xeito explícito (un tempo para que pensemos a onde queremos ir) indicado previamente que é o que pensa facer no recanto. e ao longo da semana rotará polos diferentes recantos.
- O traballo en cada recanto será habitualmente de libre decisión por parte dos alumnos/as que estean nel empregando o material que hai, solicitando o que precisen e sempre e cando a tarefa-xogo teña que ver co recanto seleccionado e o argumento debidamente.
- Sempre se escoitarán e preguntarán as suxerencias dos alumnos/as para a modificación dos existentes ou creación de novos recantos.
- O nome de cada recanto identificará o lugar no que se atopa, será realizado polo alumnado nos primeiros días en que se use, de xeito que “marquemos a necesidade de saber onde está cada un” atribuíndo unha función á lecto-escritura.
- Finalizado o traballo-xogo nos recantos faremos unha reflexión en común dos conflitos e problemas xurdidos buscando a causa e solución para os mesmos, así como unha reflexión sobre “o que se fixo en cada un deles”.
- As normas que rexerán o funcionamento de cada recanto serán acordadas polo grupo-clase ben previamente ou cando xurdan conflitos que fagan necesaria a súa utilización.
- Cada alumno/a-grupo de alumnos/as será responsable de recoller cada un dos recantos.
- Aspectos específicos a maiores dos indicados que se traballan nos diferentes recantos.
 - Arte: manipulación de material, creatividade, traballo de motricidade fina (trazos libremente, tesoiras, punzóns, pinceis... sempre de xeito autónomo e por iniciativa dos alumnos/as), descubrimento de diferentes materiais, gusto polas propias creacións e respecto polas dos demais. Funcionalidade lecto-escritora.
 - Biblioteca: descubrimento do valor dos libros como fonte de ocio e información, descubrimento do código escrito, observación e reflexión sobre o observado, colaboración entre compañeiras e compañeiros para interpretar os diferentes

libros, os libros como fonte de información, as diferentes linguas no texto escrito. Diferentes tipos de textos escritos: cómics, revistas, poesía, teatro...

- Cociña/casa: xogo simbólico, eliminación de roles estereotipados home-muller, emprego de elementos da vida cotiá nos xogos (envases, vasos, garfos...) diferentes usos “non convencionais” do citado material., orden, colaboración e planificación dos xogos acordando previamente as regras do xogo que terán que ser respectadas.
- Xoquetes... xogo individual, exploración dos materiais con reflexión persoal e autónoma, a colaboración dos demais para levar a cabo tarefas complexas, a necesidade dos outros para xogos que requiran máis dunha persoa, respectar aceptar os ritmos dos demais (maior ou menor rapidez)
- Alfombra (pelotas, construcións...) motricidade grosa, orientación espacial, coordinación de movementos, planificación de xogos e respectar as normas acordadas, respectar a necesidade de non facer demasiado barullo para non interferir nos recantos que precisan de maior silencio.
- Lóxica matemática: seriacións, clasificacións ,números, puzzles...

Outros: outros recantos que poidan xurdir o longo do tempo ou supoñan a modificación dos existentes (a cociña pode converterse en perruquería, supermercado, restaurante, consulta do) en cada caso atenderase ós principios expostos ampliándoos ou facendo fincapé en determinados aspectos que se consideren adecuados en cada momento. Do mesmo xeito promoverase que o alumnado propoña a creación de novos recantos ou a modificación dos existentes.

Según a UDI ou proxecto que se traballe poderán variar os recantos.

Temporalización:

O tempo previsto para os recantos virá en función das necesidades de organización horaria ou dos intereses xurdidos como consecuencia da “vida na aula”. En todo caso procurarase empregar a sesión posterior o recreo, ou no caso de que coincida cunha especialidade, empregarase a hora anterior ao recreo ou aquel idóneo segundo o horario previsto, para o traballo por recantos ou zonas educativas.

En todo caso esta planificación temporal poderá modificarse en función das necesidades e intereses xurdidos na aula e da evolución do funcionamento dos mesmos, podendo ser modificados e ampliados segundo as necesidades. Terase en conta o indicado de “anticipar o tempo dispoñible” polo alumnado.

Avaliación:

Ademais do indicado nas anteriores “tarefas didácticas” ó respecto da avaliación que serán aplicables tamén a esta tarefa, queremos destacar a importancia da “autoavaliación” por parte do alumnado considerándoa como “reflexión do que aprendeu en cada recanto mediante o que el/ela considera un xogo” así como a solución dos conflitos que xurdiran no mesmo.

Por outra banda o traballo por recantos-zonas educativas permite para o mestre o uso sistemático da observación, anecdotario e escalas de valoración para o proceso xeral de avaliación do alumnado e do proceso de ensino-aprendizaxe.

Por último a avaliación do funcionamento dos propios recantos levarase a cabo polo mestre modificando aqueles aspectos que permitan o seu mellor funcionamento, facendo partícipes ao alumnado deste proceso.

Farase partícipe ao alumnado na detección dos problemas xurdidos e das posibles solucións ós mesmos.

5.2.4.- PROXECTOS DE TRABALLO E INVESTIGACIÓN:

A participación dos alumnos/as nos proxectos de traballo e investigación baséase nos principios anteriormente expostos de aprendizaxe por descubrimento, atención ós intereses do alumnado e descubrimento mediante a experimentación da realidade que o rodea e que sobre todo incida activamente na adquisición de estratexias de aprendizaxe autónomo (aprender a aprender) coa presenza dos conflitos cognitivos nesta ocasión plantexados polo propio alumnado.

Os proxectos de traballo tamén permiten ao alumnado afondar nos métodos da investigación científica: plantexando hipóteses, expoñendo os seus coñecementos sobre a materia, plantexando dúbidas a investigar, buscando información nas fontes de información, solucionando os “conflitos” que xurdan e elaborando teses ó respecto.

O alumnado traballará en equipo en cada un dos pasos do “método científico” indicados traballando en cada un deles aspectos e principios dos indicados anteriormente logrando a consecución dos obxectivos plantexados.

Obxectivos específicos:

- Coñecer as potencialidades de aprendizaxe que todos temos, aceptando os coñecementos previos como punto de partida de todo aprendizaxe.
- Ser capaz de plantexar hipóteses e anticipar acontecementos no tempo.
- Coñecer as distintas fontes de información na que atopar resposta as nosas preguntas, sabendo elixir a máis adecuada para cada situación discriminando a información realmente importante do superfluo.
- Adquirir unha serie de estratexias de aprendizaxe autónomo que permitan ó alumno/a afondar no obxectivo de “aprender a aprender”.
- Aceptar o traballo en grupo e colaboración dos demais como vía para solucionar problemas dun xeito máis eficaz no que cada un aporta elementos interesantes para o grupo.
- Descubrir o método de investigación científica como vía de investigación e coñecemento.
- Considerar a necesidade do emprego da lecto escritura sempre desde un punto de vista funcional: atopar a información que precisamos, así como do código de numeración convencional e elementos relativos á lóxica matemática.
- Descubrir o mundo que o rodea.
- Coñecer os país/nais, familiares, outros adultos e os iguais como fonte de información aceptando a necesidade de establecer relacións de intercambio de información entre humanos.
- Ser capaz de plantexar hipóteses e comprobar a súa veracidade o non.
- Aceptar os erros como un paso no proceso de aprendizaxe e ser capaz de superalos.
- Comprender que ninguén ten nin existe a “verdade absoluta” e que todo pode ser discutido sempre e cando se razoen as argumentacións.

- desenvolver un espírito crítico ante o mundo de xeito que se eviten “adoutramentos”.
- Aceptar a iniciativa propia no plantexamento de proxectos de investigación como imprescindible.

Contidos:

- A investigación como vía de coñecemento
- As distintas fontes de información e o seu emprego
- O traballo en grupo, estratexias e normas que o regulan.
- Os coñecementos previos e a súa utilidade na construción dos novos.
- O método de investigación científico.
- As hipóteses e as teses razoadas.
- A lecto-escritura e lóxica-matemática con uso funcional.
- A relatividade do coñecemento e o espírito crítico.
 - Aspectos científicos específicos para cada proxecto de traballo.
 - Participar na elección do tema de investigación dos proxectos de traballo.
 - Participar activamente nos grupos de investigación.
 - Aportar coñecementos previos e contrastalos cos dos outros.
 - Manipular as fontes de información, seleccionando o importante e adecuándoas o tipo de investigación.
 - Plantexar hipóteses previas e teses finais empregando razoamentos lóxicos.
 - Elaborar e participar na elaboración de documentos, murais,... que permitan transmitir a información “descuberta” ós demais.
 - Respetar e aceptar o ritmo de traballo e características dos demais.
 - Colaborar cos demais na consecución dun fin común.
 - Gusto pola investigación.
 - Interese polo mundo que rodea.
 - Gusto por aprender de xeito autónomo.
 - Gusto pola iniciativa persoal e autonomía na toma de decisións.
 - Espírito crítico con respecto ó que o rodea.
 - Os demais como fonte de información.
 - Aceptación das decisións tomadas democraticamente.
 - Gusto pola lectura e escritura como fonte de información.

Explicación e principios metodolóxicos:

Fundamentándonos nos principios de aprendizaxe significativo, enfoque constructivista, aprendizaxe por descubrimento e conflito cognitivo establecemos a realización de proxectos de traballo e investigación na aula seguindo os seguintes criterios ou pautas de actuación:

- Os temas e feitos nos que se investigará nos proxectos de traballo poderán ou ben xurdir do propio alumnado como resultado das súas interaccións coa vida da aula e vida cotiá e as dúbidas ou problemas que poidan xurdir, e que precisen unha explicación. Por outra banda tamén dende o equipo docente se poden plantexar temas para os proxectos de traballo enmarcándoos sempre na “funcionalidade” que non é a primeira vista tan patente como no primeiro dos supostos plantexados.
- En 4º de EI o primeiro proxecto a traballar é “a mascota” pois a mascota é o fío condutor de moitas propostas de traballo.

- En todo caso a decisión dos temas a investigar realizarase mediante votación democrática e argumentada polo grupo clase, atendendo sempre as diferentes motivacións dos alumnos/as na elección dos temas a investigar.
- O tempo destinado a cada proxecto de traballo dependerá da motivación, o grao de implicación e da magnitude dos “obxectivos plantexados ó comezo do mesmo”. Neste senso plantexamos dous tipos de proxectos de traballo: os grandes proxectos de investigación e os pequenos proxectos ou relativos a aspectos concretos.

No primeiro dos casos trátase de investigacións que o alumnado leva a cabo ó longo de varias semanas, días ou horas, empregando distintas fontes e reelaborando constantemente a información obtida. Neste caso dedicarase un momento ó longo do día para os proxectos de traballo en función do interese puntual do alumnado ou da cantidade de nova información atopada. Asemade este tipo de proxectos de traballo levarán consigo unha plasmación por escrito das fases da investigación (táboa de ¿Que sabemos?, ¿Que queremos saber? ¿onde atopamos a información? Investigamos, conclusión).

Os pequenos proxectos xurdirán de pequenos “conflitos” da vida da aula ou ben serán relativos a aspectos dos que o alumnado nos demanden un maior afondamento (reformular a casa, deseñar un cartel para a clase, sementar, redistribuír os recantos..) Neste caso se ben se seguirán os pasos indicados anteriormente no se realizará unha plasmación expresa deles, pero si se fará conscientes ós alumnos da súa existencia.

En todo caso ámbolos casos as finalidades educativas, os principios que os rexen e modo de traballo e basicamente o mesmo.

- O longo do curso realizarase de ser posible un gran proxecto de investigación por trimestre ou máis en función dos temas xurdidos ou da duración que os mesmos poidan ter en función da motivación e interese que continúen a manter no mesmo. Asemade tentarse que non só se relegue a realización de proxectos de investigación a ámbitos da área de “medio físico e social”. O número dos pequenos proxectos dependerá do que xurda na “vida cotiá da aula”.
- Unha vez elixido o tema (ou xurdido na aula) farase explícito ós nenos/as que se comeza unha investigación da cales teñen que ser conscientes da súa finalidade e o por que de iniciala, así como dos pasos que virán posteriormente.
- A finalidade do uso dos proxectos de traballo non é tanto o que se poida aprender a nivel de contidos senón o proceso de aprendizaxe do mesmo, a adquisición de estratexias de “aprender a aprender autonomamente” e descubrir o método de investigación científica.
- Tanto nos momentos de plantexamento de coñecementos previos como de dúbidas ou aspectos a investigar fomentárase a participación de todo o alumnado facendo especial fincapé no respecto as diferenzas e no valioso que pode ser o “compartir o que sabemos cos demais”. Lembraremos que este é un gran momento de aprendizaxe no diálogo común.
- Fomentárase a aparición de “distintas fontes de información” distintas das propostas polo alumnado, sobre todo as relativas ás novas tecnoloxías, sen esquecer que os “demais” poden ser tamén fonte de información.
- O traballo de investigación realizarase en grupos (distintos cada vez) ó que se lles asignará (por elección propia razoada ou ben mediante

acordo do grupo) unha parte dos “aspectos” a investigar, deste xeito estamos a incidir na idea de que “o traballo en grupo permite abarcar grandes metas se colaboramos todos”. Esa idea de “división do contido” deberá ser coñecida polos alumnos/as así como a finalidade que ten facelo así.

- O mestre fará de facilitador de contidos, estratexias ou suxerindo vías de traballo (sobre todo nos primeiros momentos) facendo de ponte entre a información e o alumno/a. Lembremos que é a nena e o neno quen ten que descubrir o que está a buscar.
- Procurarase que en tódolos grupos (homoxéneos ou heteroxéneos en función dos obxectivos didácticos buscados en cada caso) participen todos os membros do mesmo facendo fincapé en que “todos poden aportar” e que ninguén sobra.
- Diariamente ou unha vez finalizada a investigación en cada “parte da información asignada”, cada grupo exporá ás compañeiras e ós compañeiros, os seus descubrimentos, serán plasmados no taboleiro do proxecto de traballo. Este proceso de verbalización é vital para a “reorganización dos propios esquemas mentais do alumnado”. Lembremos que non estamos a buscar que todos/as coñezan toda a información senón que cada un na “súa parte” sexa capaz de investigar e empregar as estratexias adecuadas, así como facerllo chegar ós outros.
- Unha vez rematada a investigación de tódalas preguntas plantexadas, se unha pregunta non logra resposta non sucede nada, farase notar ao alumnado que este é un feito que pode suceder a miúdo (coñecer as propias capacidades), e que probablemente xurdirá a resposta noutro momento.
- Os proxectos de traballo se ben teñen un momento no que se pechan, non impide que a posteriori os alumnos/as (de xeito independente) poidan agregar información sobre o investigado ou ben refutar algunha das “conclusiones” as que puideran chegar ás seus compañeiras e compañeiros. (As teorías científicas son “a verdade” ata que chegue outra teoría que desbote a primeira, non hai verdades absolutas).
- Unha vez rematada a investigación establecerase como “plasmado descuberto” para facerllo chegar ó resto do centro, a decisión será preferiblemente tomada polos alumnos/as, sen esquecer que o papel do docente é ademais de “aceptar as motivacións e intereses do alumnado”, o de “ampliar o seu ámbito de interese” (ninguén pode interesarse por algo que descoñece). Como formas de plasmación empregaranse (murais, dramatizacións, libros individuais, gravacións sonoras ou de vídeo, elementos informáticos, cancións....
- Farase asemade un control dos diferentes grupos de traballo (fotografías dos grupos, listados, anotacións...) de xeito que o final do proceso sexa explícito que “todos traballaron nunha parte da investigación” de modo que “entre todos lograron resolver as dúbidas plantexadas”.
- Os proxectos de traballo irán asinados polo alumnado como autores e creadores dos mesmos. (finalidade motivacional, de reafirmación e autoestima).

Os proxectos de traballo debido a súa “característica de espontaneidade” no poderán ser incluídos “a priori” nas unidades didácticas, polo que levarán en cada caso o seu

propio plantexamento programático- didáctico que se realizará unha vez se inicie o proxecto de xeito que se “marquen os obxectivos a acadar”

En función do punto de partida do alumnado. Procurarase a participación das familias, centro e comunidade escolar nos proxectos de traballo plantexados de xeito que se atope colaboración “fora da aula”.

Avaliación:

O proceso de avaliación do proceso dos proxectos de traballo realizarase de xeito conxunto cos alumnos/as valorando “en que fallou a investigación” e como podería mellorarse. Tamén se valorarán se os resultados finais obtidos cubriron as expectativas propostas (tanto polo profesorado como polo alumnado).

Avaliarase a “participación” como ponte entre información e alumno/a do mestre e as modificacións precisas nesta.

Por último mediante observación do traballo de investigación avaliarase por parte do mestre a evolución do alumnado nos aspectos plantexados como obxectivos en cada caso.

5.2.5.- Tarefas didácticas do préstamo de libros da BIBLIOTECA DE AULA.

A parte da súa función como recanto – zona educativa na aula (ver tarefas didácticas relativas ós recantos), a biblioteca de aula servirá para levar a cabo outra importante “tarefa didáctica”: *O préstamo de libros para casa*.

O emprego desta tarefa baséase nos principios de “compensación das desigualdades” dando oportunidade ós alumnos/as de acceder a diferentes tipos de libros independentemente do poder adquisitivo da súa familia, por outra banda fundamentámonos no “fortalecemento das relacións afectivas nena e neno -familia” e sobre todo no “descubrimento da lectura como fonte de lecer”.

Aspectos como a autonomía e responsabilidade asumida co libro que leva para casa, os traballo de lecto-escritura e lóxica matemática preciso para “levar rexistro” dos libros que se levan así como hábitos de orde terminan de configurar as bases nas que se fundamenta o “préstamo de libros para casa”.

Obxectivos específicos:

- desenvolver hábitos de responsabilidade e autonomía.
- Aceptar a lectura como forma de lecer e fonte de coñecemento.
- Aceptar a necesidade funcional da lecto escritura do nome propio e dos títulos dos libros.
- Coñecer e aceptar os seus propios gustos como parte da súa personalidade (mellora da autoestima)
- Desenvolver hábitos de orde e comprensión da súa necesidade para o correcto uso da biblioteca.
- Coñecer a necesidade dunha organización no préstamo de libros e do cumprimento de determinadas normas.
- desenvolver hábitos de coidados do material

Contidos:

- Os libros (partes dos mesmos: pastas, follas, portada...)
- Os libro: autor, editorial, ilustrador...
- Hábitos de autonomía e independencia.

- A lectura-escritura e lóxica-matemática dende un punto de vista funcional.
- Uso dos libros (texto/debuxo)
- Tipo de textos escritos (narrativa, poesía, teatro, cómic)
- Os listados (listas para anotar os libros levados para casa) e acomodación da escritura (tamaño da letra) ó espazo dispoñible.
- A data e o seu uso como “medida do tempo convencional”.
- Gusto pola lectura.
- Respecto os gustos dos demais.
- Apertura de miras a “novos temas que non coñece”
- Respetar as normas e coidar os libros.

Explicación e principios metodolóxicos:

Na aula existe un zona na que se atopan expostos tódolos libros (e materiais escritos como cómics, folletos...). Semanalmente (os venres) o alumnado levará un dos libros da biblioteca de aula que escollen libremente para a súa casa, a finalidade coñecida polo alumnado e de “lelo cos seus pais”. Para elo nun momento da xornada, coñecida de antemán polo alumnado, cada un escolle un libro e anótalo nun rexistro que consiste nun libro colectivo no cal terán que escribir libremente o seu nome, (traballo da grafía dos números). En función da idade e das capacidades do alumnado modifícase o tamaño do soporte no que “anotar o seu libro” así como a inclusión e outras anotacións tales como a data do mesmo.

Unha vez traído o libro de volta, cada alumna e alumno comentará ás demais compañeiras e compañeiros o que lle pareceu máis interesante do mesmo, plantexando o mestre cuestións “conflitivas” dinamizadoras do diálogo. Deste xeito estamos a fomentar o interese por ese libro. Este diálogo pode substituíse por debuxos, resumos....

Tódolos libros presentes na biblioteca de aula irán rotando na súa presenza na mesma, os libros novos iranse presentando polo mestre iniciando a súa lectura e presentación do mesmo. Procurarase que existan libros en ámbalas linguas (incluso algún en outras linguas estranxeiras), en diferentes formatos- soporte, diferentes tipos de texto (narrativa, prosa, teatro, cómic), así como de diferentes temáticas (contos, divulgativos, informativos, humor, líricos...)

Esta tarefa didáctica é independente da zona educativa do mesmo nome.

Explicarase as familias a función deste préstamo e tentarase incluílas como parte activa no mesmo. Poderá extenderse este uso á biblioteca pública empregada polo centro.

Avaliación:

Empregarase a observación dos comentarios dos nenos/as cando devolvan o libro para avaliar, se está a funcionar ou non o préstamo de libros na consecución de obxectivos como: responsabilidade, autonomía, relacións afectivas cos outros...

Avaliarase constantemente o funcionamento da biblioteca de aula introducindo as modificacións necesarias: cambio de libros non motivantes, motivación sobre determinados materiais, modificación das formas de rexistro adaptándoas as capacidades e potencialidades do alumnado.

Fomentarase a autoavaliación e reflexión do proceso por parte dos alumnos/as cando de reconten os libros levados por cada quen, e se reflexione entre todos, sobre as causas deste feito e as vías de solución. Asemade farase patente para os alumnos/as a súa evolución no rexistro dos libros que levan para a súa casa comparando as primeiras anotacións coas últimas.

5.2.6.- Tarefas didácticas relativas ás Tecnoloxías da información e comunicación (TIC):

Considerando as tecnoloxías da información e comunicación como parte da vida cotiá do alumnado e considerando importante a súa introdución nas aulas, adicarase un tempo á semana a empregalas (una sesión semanal), sempre dende un punto de vista funcional e partindo do enfoque constructivista.

Esta tarefa didáctica está enmarcada dentro do previsto no “Plan para a introdución das TIC” do Centro.

Obxectivos específicos:

- Coñecer e recoñecer a importancia das Novas Tecnoloxías da información e comunicación na nosa sociedade.
- Coñecer os usos e potencialidades funcionais das novas tecnoloxías
- desenvolver hábitos de autonomía.
- Apreciar o traballo en grupo e colaboración cos demais como a vía máis importante para chegar ó coñecemento.
- Descubrir o espazo físico do centro, orientación espacial.
- Coñecer e recoñecer internet como fonte de información sabendo empregala cunha visión crítica coñecendo os seus riscos potenciais
- Respetar os diferentes ritmos de traballo aceptando as diferencias individuais como enriquecedoras.
- Acadar unha visión funcional e globalizada da lecto escritura e lóxica matemática.

Contidos:

- As novas tecnoloxías: ordenador, dvd, vídeo, proxectores, programas...
- Internet como fonte de información (proxectos de traballo...)
- Nomes das partes máis coñecidas convencionalmente dos ordenadores: teclado, monitor, rato....
- O uso das partes e ferramentas máis coñecidas convencionalmente dos ordenadores.
- Posibles usos do ordenador: escribir, xogar, buscar información...
- Participar nas tarefas plantexadas para a aula de informática
- Buscar información (imaxes ou textos sinxelos) en internet para empregalos nos proxectos de traballo como fonte de información.
- Usar os programas informáticos plantexados pola mestra ou mestre.
- Descubrir as potencialidades das novas tecnoloxías na produción de textos, debuxos o una “exposición” dos mesmos.
- Aportar ideas para o uso das novas tecnoloxías: produción dun vídeo, fotografías, gravación da voz, uso dos ordenadores...
- Colaborar cos outros, respectando as diferencias dos demais, nas tarefas plantexadas ou obxectivos comúns.
- Aceptación das novas tecnoloxías.
- Visión lúdica das novas tecnoloxías.

- A colaboración e traballo en equipo
- Respecto e aceptación das diferencias dos demais.
- Visión crítica e analítica da información
- Aceptar, acordar e comprender as normas de uso das novas tecnoloxías coñecendo os seus riscos.

Explicación e principios metodolóxicos:

Empregaranse na aula (e na aula de informática) na medida das posibilidades e adecuando o seu uso á tarefa en cuestión as novas tecnoloxías da comunicación e información.

De seguido amósanse algúns exemplos do uso práctico dos mesmos:

Informática:

Empregaremos a web do centro, os blogs e o recanto de infantil, como o portal de referencia para o alumnado, e na cal atopará toda a información e aplicacións que empreguemos en cada momento (registro de libros, muro das palabras, vídeos e información para os proxectos...)

- Busca de información para os proxectos de traballo, sempre e cando a fonte de información sexa indicada polo alumnado no proceso de investigación, daranse pautas e guías para o uso dos buscadores de internet, empregando nas primeiras idades as imaxes como vía de coñecemento e investigación directa, deixando os textos escritos para a súa “impresión” e posterior lectura e análise na aula.
- Empregaranse sempre grupos heteroxéneos/homoxéneos segundo os obxectivos buscados, incluso cando existan máis equipos dispoñibles que alumnado.
- Poranse a disposición do alumnado unha serie de programas informáticos para nenos e nenas, destinados a tarefas motrices (manexo do rato...) ou xogos de abstracción simbólica (bits, memory, colorear, pantalla dixital...).
- Introducirase ao alumnado no uso das ferramentas informáticas habituais (procesador de texto, programa de debuxo, reprodutor musical...) buscando a súa finalidade funcional e asociándoa de xeito global co seu uso na vida cotiá. (Uso de tipografías (tamaños e fontes) para carteis...).
- Acordaranse e comentarase previamente as normas de uso e seguridade na aula de informática e o por que da existencia destas.
- Informarase e traballarase co alumnado sobre a necesidade dunha visión crítica (non crer todo o que atopemos en internet).

Medios audiovisuais:

- Realizaranse traballos de gravación da propia voz e imaxe en vídeo como forma de traballo da identidade persoal.
- Empregaranse as fotografías (e cámara dixital) co alumnado aceptando os usos que estes establezan para as mesmas.

- Empregarase a fotografía dixital para “facer notar o paso do tempo” fotografando como medra unha planta ou ben o propio alumnado tomando a mesma referencia física en cada fotografía. Tamén se poderá empregar para notar o “paso de estacións” e como cambia a paisaxe en cada unha delas, de modo que poidan comparar unha mesma zona en diferentes épocas do ano.

Avaliación:

Avaliarase o proceso e o uso das ferramentas na aula de informática e das novas tecnoloxías incluíndo as modificacións oportunas para o seu mellor funcionamento. Asemade avaliarase tamén o traballo do mestre nestas situacións incluíndo as modificacións oportunas en cada momento.

Fomentarase a autoavaliación do propio alumnado facéndoo consciente da súa evolución no manexo das novas tecnoloxías e resolución e uso dos programas informáticos.

Asemade afondarase na avaliación do funcionamento dos grupos propostos e a colaboración existente dentro deles.

5.2.7.- Tarefas didácticas do XOGO LIBRE:

Obxectivos específicos:

- Establecer relacións de amizade cos compañeiros/as nun ambiente relaxado e de total autonomía.
- Controlar o tempo dispoñible.
- Acordar e participar na elaboración das normas que rexen os xogos libres.
- Descubrir que o xogo cos demais é máis divertido que en solitario, superación do egocentrismo.
- desenvolver a autoestima, autoconcepto, autonomía persoal.
- desenvolver hábitos de coidado do medio ambiente (patio do centro, uso das papeleiras para o lixo...)
- Ser capaz de participar en xogos organizados por outros aceptando as normas acordadas previamente por eles.
- Saber gañar e perder (aceptar a derrota e frustración)
- Respetar os gustos dos demais e as súas capacidades e potencialidades.
- Desenvolvemento da motricidade grosa (correr, saltar) evitando situacións perigosas.
- Aceptar a necesidade de desbotar xogos sexistas, intolerantes ou bélicos.

Contidos:

- Xogo libre
- Normas de funcionamento dos xogos libres
- Motricidade grosa
- Os diferentes elementos e materiais dos patio
- Os diferentes elementos e materiais da aula
- Os demais
- Explorar o entorno – patio e potencialidade dos elementos que o conforman.
- Participar nos xogos organizados polos “iguais” aceptando as normas e regras acordadas por estes.
- Participar na organización dos xogos, acordando normas e regulamentos que o rexeran aceptando a participación de todos.
- Coidar o entorno: emprego de papeleiras, coidado das plantas e dos insectos que se atopan (caracois, vermes...)

- Organizar o tempo dispoñible para o xogo libre.
- Relacionarse cos demais alumnos/as do centro e non só cos da súa aula.
- Respecto pola natureza
- Respecto polos demais aceptando as diferencias de cada un.
- Relacións de amizade
- A colaboración e acordos necesarios nos grupos cun obxectivo común (xogo)
- Respecto polas regras do xogo (acordadas ou impostas)
- Saber perder e gañar: dereito a “frustración”
- A solución dialogada dos conflitos xurdidos cos compañeiros/as.
- Evitar xogos sexistas, discriminatorios ou bélicos.

Explicación e principios metodolóxicos:

O xogo libre enmárcase dentro das horas de recreo así como nos momentos indicados como tales ó longo da xornada escolar, nestes momentos os alumnos/as deciden ó que queren xogar e con quen, sen planificación expresa previa nin reflexión posterior (de aí a diferenza cos recantos e zonas de traballo).

En todo caso no xogo libre teranse en conta as seguintes directrices:

- A elección do xogo libre ten que ser autónoma e independente por parte do alumnado, incluso aceptando os “xogos por imitación dos líderes do grupo e outras compañeiras e compañeiros”, a intervención da mestra ou mestre neste momento evitaría o establecemento de relacións afectivas e de autonomía por parte do alumnado, para intervir nestes eidos o momento indicado serán nas zonas educativas (recantos).
- A solución dos conflitos **que xordan entre o alumnado** solucionaranse de xeito autónomo e acordado polos mesmos, en caso de darse un conflito o mestre indicará que abandonen o xogo e se senten a falar, unha vez teñan “falado e acordado o sucedido” poderán seguir xogando, neste caso o mestre unha vez realizado o diálogo entre o alumnado lembrará as normas de comportamento da aula e fará fincapé na necesidade de respectarse uns ós outros. No caso de que ditos conflitos continúen a repetirse interromperase o xogo libre e falarase a “nivel grupo” das posibles solucións para dito conflito ou unha mesa da amizade.
- A finalidade deste “tempo para falar” non é que acorden e interioricen nos primeiros momentos “que se saltaron as normas ou que fixeron algo mal”, xa que habitualmente só se porán de acordo para “seguir xogando”, pero incluso nestas situacións estamos a deixar claro para os alumnos/as que as cousas se solucionan falando (tendo coidado de que non ceda sempre o mesmo) á vez que se establecen relacións de complicidade cos outros. (colaboración para superar unha dificultade)
- As normas de respecto mutuo que rexeran os xogos libres serán coñecidas e acordadas polos alumnos/as
- Tentarase na medida do posible evitar xogos sexistas, discriminatorios ou bélicos, se ben no se fará de xeito explícito senón

plantexando alternativas ou “gustos persoais do mestre” que en ningún caso son obrigatorios. A presenza deste tipo de xogos tratarase nos recantos “na reflexión posterior”.

- O xogo libre realizarase na aula e no patio de recreo, nunca asociándoo como “premio por rematar” o “por facelo ben” senón como unha tarefa máis da aula.

Avaliación:

Empregarase o xogo libre como unha das fontes máis importantes polas que, mediante a observación, poder comprobar a evolución do alumnado na súa autonomía, relación cos outros, habilidades de comunicación oral...

Avaliarase asemade a necesidade ou non de ampliar ou reducir o tempo dedicado ó xogo libre ou o momento previsto para este (entradas, ou saídas...). Do mesmo xeito teranse en conta as “consecuencias” do xogo libre do recreo na dinámica da aula posterior ó mesmo, planificando tarefas que permitan a súa relaxación.

Por último analizarase a papel do mestre vendo si se foi demasiado controlador ou se interveu en exceso cando non era necesario.

5.2.8.- Tarefas didácticas relativas a celebración dos aniversarios e outras celebracións na

Obxectivos específicos:

- Ser conscientes do paso do tempo
- Observar o crecemento corporal e os cambios que supón tanto a nivel físico como intelectual. Aceptándoo como un proceso a desenvolver ó longo de toda a vida.
- Aproximación ó uso funcional dos números e a súa grafía nos calendarios.
- Usar funcionalmente a lecto-escritura.
- Aproximación a comprensión do funcionamento do calendario e elementos que a compoñen.
- Aceptar as limitacións e potencialidades derivadas do crecemento.
- Coñecer distintas formas de celebrar o cumpreanos e aceptalas todas.

Contidos:

- O corpo: crecemento
- O tempo: formas de medición convencional (días, meses, anos...)
- Os números con valor cuantitativos.
- A data
- Celebrar o cumpreanos cos compañeiros
- Elaborar un agasallo (debuxo, foto, vídeo para o blogue ou similar) para o homenaxeado atendendo ós seus gustos e características. Respetar a súa opinión.
- Respetto ós demais e ós seus gustos.
- Aceptación das limitacións e potencialidades
- A creatividade como elemento enriquecedor.
- A tradición como algo a valorar e respecto
- Segundo a idade os compañeiros e compañeiras agasallarán ao alumnado que está de aniversario con palabras bonitas, positivas,...

Explicación e principios metodolóxicos:

Existirá na aula un calendario onde se indican os aniversarios, de xeito que esteamos a traballar na anticipación.

Nas celebracións procurarase empregar a cantiga de aniversario en galego, castelán, inglés e outras variantes que poidan xurdir.

5.2.9.- Tarefas didácticas relativas ás saídas culturais:

En cada saída organizada polo centro ou aula se plantexarán os obxectivos finais da mesma estudando previamente o itinerario e visitas no tempo dispoñible, incluíndoas nos proxectos de traballo e outras tarefas didácticas antes indicadas.

5.2.10.- Tarefas didácticas relativas a “xogar a pensar”:

De forma transversal a tódalas actividades plantexadas, tarefas didácticas e rutinas (especialmente na asemblea), levaranse a cabo actividades de “filosofía para menos/as” e “xogar a pensar”, na que se desenvolvan as habilidades de pensamento, partindo de diferentes estímulos e intereses visuais, sonoros, etc.

Levarase a cabo de forma específica, unha serie de actividades orientadas a este tipo de traballo.

En todo caso, e dentro das recomendacións feitas por proxectos como: Quinzet, ABN, Xogara a pensar..... tenderase a empregar o “verdadeiro diálogo” como fonte de traballo coas habilidades de pensamento, empregando os seguintes elementos:

De percepción. A escoita atenta. Cinestesia Investigación. Conceptualización. Razoamento: levando a cabo razonamentos analóxicos ó longo dos diferentes diálogos. Tradución entre linguaxes (oral- plástico-musical). A improvisación no diálogo (desenvolver creatividade e iniciativa persoal).

Adicarase un horario fixo na semana para esta tarefa.

5.2.11 Tarefas didácticas relacionadas con actividades para o traballo específico de reforzo da grafo-motricidade a través de rimas, retahilas, cancións, trabalinguas e poesías:

Tal como se comentou en diferentes momentos desta programación, contemplamos o traballo de grafomotricidade como un proceso madurativo e evolutivo, encamiñado a un correcto trazo das diferentes grafías e números así como dun control dos diferentes trazos realizados con diferentes utensilios; plantexando o seu traballo dentro de tódalas tarefas sempre cunha finalidade funcional (cando se escribe algo por algunha razón traballamos a “forma en que se poden facer”), entendemos que o mellor traballo de grafomotricidade é escribir elementos reais e funcionais (escribir palabras, números...), así como co traballo de diferentes aspectos relacionados coa orientación espacial, lateralidade, direccionalidade presentes ó longo das diferentes tarefas e actividades plantexadas nesta programación.

Tendo en conta o anteriormente indicado, incluímos tamén nesta programación unha serie de actividades de grafomotricidade específica, encamiñadas ó reforzo destes aspectos, e outras destinadas ó traballo específico con algunha delas.

Obxectivos específicos:

- Mellorar a correcta articulación de certos sons.
- Memorizar e repetir rimas, pareados, rimas, trabalinguas, retahilas...
- Coñecer o funcionamento da biblioteca do centro como complemento á de aula.
- Incrementar a competencia do alumnado á hora de realizar trazos concretos e controlados con diferentes utensilios escritores.
- Incrementar a competencia do alumnado á hora de realizar determinados xiros e secuencias de trazos combinadas.
- Mellorar a prensión do útil de escritura de forma que permita uns trazos eficaces e cómodos.
- Complementar o incremento da competencia do alumnado no tocante á direccionalidade do trazo na escrita.

Contidos:

- A biblioteca do centro: a lectura como lecer
- Trabalinguas, poesías, retahilas, cancións...
- O trazo: diferentes tipos.
- Os xiros: diferentes tipos.
- O útiles escritores: diferentes tipos.
- A direccionalidade.

Explicación e principios metodolóxicos:

Co fin de complementar e reforzar o traballo relacionado coa grafomotricidade, levado a cabo nas restantes tarefas e actividades, adicadas á traballos específicos de grafomotricidade.

Partindo sempre dun texto que se traballará oralmente con anterioridade: memorizándoa, repetíndoa, cantándoa, xogando con ela (de ser o caso), e que continuará co trazado de certos “trazos” relacionados coa mesma.

Avaliación:

- Observaremos se se produce un incremento na competencia grafomotora do alumnado, introducindo os cambios que se consideren necesarios ó longo do proceso.

5.2.12.- Tarefas didácticas realizadas para traballo específico da psicomotricidade, lateralidade, orientación espacial e discriminación visual:

Se ben o traballo de psicomotricidade, lateralidade, orientación espacial e discriminación visual, estarán presentes ó longo de tódalas tarefas didácticas plantexadas, así como noutras actividades que se establezan, trataremos de forma específica estes aspectos co fin de reforzar o seu traballo empregando diferentes entornos.

Obxectivos específicos:

- Desenvolver no alumnado capacidades básicas de orientación do seu corpo no espazo, ou dos demais, segundo a súa idade e ritmo madurativo.
- Desenvolver un coñecemento das capacidades motrices do seu corpo, sendo conscientes da súas capacidades, limitacións e da evolución das mesmas co paso do tempo.
- Desenvolver as capacidades de discriminación visual e lateralidade sempre dentro do agardado para o grupo de idade e respectando a súa propia evolución e ritmo madurativo.
- Incrementar o capacidade de atención do alumnado.
- Ser capaz de coordinar, segundo o seu ritmo madurativo, os seus movementos cos do resto de compañeiros e compañeiras.
- Coñecer as diferentes partes do seu corpo e a súa función (especialmente motriz)

Contidos:

- As posibilidades motrices do corpo.
- Coordinación de movementos co resto dos compañeiros e compañeiras.
- Lateralidade: aproximación a conceptos de dereita e esquerda no propio corpo.
- Discriminación visual: descartar distintos, buscar iguais, inclusión en grupos segundo un criterio, exclusión de grupos segundo un criterio, ser capaz de buscar a característica que os inclúe nun grupo ou os saca do grupo.
- Observación atenta para atopar os elementos buscados.
- Coordinación ollo-pe, ollo-man.
- As partes do corpo e función das mesmas.

Explicación e principios metodolóxicos:

Esta tarefa de reforzo de aspectos psicomotrices e de discriminación visual, inclúe unha serie de actividades e tarefas que complementan o traballo diario da aula, e que de seguido se comentan:

- **Sesións de psicomotricidade:** impartidas por un docente durante unha sesión semanal no pavillón do centro (2 sesións en 4º °EI), que permitirán traballar de forma específica certos aspectos: lateralidade, capacidades motóricas, coordinación ollo-man, ollo-pe.
- **Traballos específicos de discriminación visual:** unha vez á semana como mínimo, e empregando xogos online preferentemente e o E.D.I permitirán levar a cabo diferentes actividades de discriminación, agrupamento, busca de diferencias, inclusión ou exclusión de elementos, direccionalidade....
- **Traballos específicos na aula de música:** por parte da mestra especialista no centro en unha sesión semanal, na cal que incluirán ademais de aspectos relacionados co ritmo, son e silencio, outros relacionados co movemento e coordinación dos mesmos cos outros.
- Atendendo á diferente idade de cada alumno (tres niveis) as actividades poderán ser adaptadas ós mesmos, ou ben buscar diferentes obxectivos (ou graos dos mesmos) en cada caso.

Avaliación:

Avaliarase en cada alumno/a o incremento e evolución das súas capacidades motóricas, de control e coñecemento do corpo, así como das súas capacidades de discriminación visual.

Avaliaranse constantemente as características das actividades propostas, do papel do docente e os resultados das mesmas para introducir os cambios que sexan precisos.

O observación sistemática e o anecdotario, serán empregados como instrumentos de avaliación e en especial a comunicación constante cos mestres/as encargados de certas tarefas.

5.2.13.- Tarefa didáctica: “Os cadros do mundo.”

Plantexamos esta tarefa de periodicidade anual, na cal cada alumno durante algúns días levará para as súas casas a unha maleta cun libro no que terá que representar, xunto coa súa familia, diferentes cadros da historia artística mundial.

Obxectivos específicos:

- Desenvolver no alumnado hábitos responsabilidade e autonomía.
- Desenvolver as capacidades comunicativas do alumno empregando diferentes vías de comunicación (escritas, fotos, debuxos.)
- Afondar no uso da lecto-escritura como elemento funcional para transmitir sentimentos, e emocións e vivencias.
- Establecer canles de comunicación entre a escola e a familia a través dunha actividade na que son partícipes fundamentais da mesma.
- Desenvolver no alumnado as capacidades de comunicación oral, xa que terán que transmitir os compañeiros, empregando un discurso ben artellado, o que plasmou no diario.
- Coñecer diferentes manifestacións artísticas.
- Respetar as creacións dos outros.

Contidos:

- Uso funcional da lecto-escritura.
- A creatividade como vía para transmitir sentimentos e emocións.
- A comunicación oral como vía de transmitir información, e a necesidade dun discursos ben estruturado para poder transmitila de forma coherente e que outros poidan comprendela.
- O traballo en grupo para acadar obxectivos comúns.
- As manifestacións artísticas.

Explicación e principios metodolóxicos:

Con esta tarefa buscamos que o alumno/a leve ás súas casas a vida da escola (máis aló da participación constante das mesmas nos proxectos de traballo e outras tarefas e actividades plantexadas nesta programación), xa que esta tarefa foi especificamente deseñada para que as familias sexan o centro da mesma xunto cos seus fillos.

Cada semana ou dúas semanas, cada alumno levará para as súas casas unha maleta na que irá un libro de cadros que chegará a aula a través dun feito motivante, en cada visita ás casas as familias colaborarán cos seus fillos para re-elaborar estas obras pictóricas coas técnicas plásticas que desexen.

Esta tarefa permitirá tamén os pais/nais descubrir unha serie de actividades que fan os compañeiros e compañeiras, ofrecendo ideas para facer cos seus fillos se así o desexan.

Avaliación:

Avaliarase a participación das familias nas entrevistas trimestrais para a entrega de boletíns, recollendo as súas impresións, valoracións e ideas para introducir cambios que fagan esta tarefa máis produtiva e eficaz.

Avaliarase o grao de responsabilidade amosado polo alumno tentando que se faga consciente que as súas accións influirán nas dos compañeiros (se se perde o maletín non poderá ir a outra casa, ter coidado de non estropear o traballo dos demais...)

5.3.- Indicacións didácticas sobre o traballo con equipos cooperativo

Dentro das diferentes tarefas didácticas indicadas, así como nos diferentes proxectos poñeremos en práctica o traballo con equipos cooperativos, centrados no desenvolvemento das seguintes habilidades e destrezas:

- Habilidades para o traballo en grupo,
- Respecto ós demais e ás súas características
- Aprendizaxe en grupo e co-aprendizaxe cos demais.
- Habilidades para a organización do traballo
- Habilidades comunicativas para chegar a acordos.
- Asumir responsabilidades
- Autovaloración do traballo realizado e espírito de mellora constante.
- Aprende a aprender co traballo en grupo.

Á fin de poñer en práctica as dinámicas de traballo cooperativo establecemos as seguintes pautas de actuación (basadas nos estudos da Universidade de Vich)

- Os equipos terán tres ou catro integrantes
- Serán equipos heteroxéneos nos que se combinen as capacidades e características do alumnado.
- Estará presentes en cada equipo alomenos un alumno/a de cada grupo de idade
- O alumnado con n.e.a.e formarán parte de grupos diferentes.
- O alumnado líder formará parte de grupos diferentes.
- Os grupos serán construídos tras poñer en práctica certas dinámicas de cohesión grupal.
- Cada grupo escollerá o seu nome, escudo e lugar de traballo na aula.
- Dentro do grupo establecerase, por quendas, o responsable do material, do silencio-falar e o portavoz.
- Finalizado o traballo, o grupo levará a cabo unha autoavaliación figuroanalóxica empregando paneis de avaliación figuroanalóxica.

- Manterase o mesmo grupo alomenos con cada proxecto ou U.D.I para permitir que se establezan relacións co tempo e se teña opción de buscar solucións ós conflitos encontrados.
- O mestre aportará exemplos de destrezas para solucionar os problemas organizativos, suxerindo ideas pero non organizando os equipos.
- Cada equipo coñecerá previamente a cada traballo o que espera deles, o fin a acadar, o tempo máximo para realizalo e o material que pode empregar. Serán eles quen teñan que organizar o traballo dentro do grupo.

6.- ORGANIZACIÓN ESPAZO – TEMPORAL E SECUENCIACIÓN.

Como xa se indica na introdución, esta primeira parte da programación didáctica, abarca as tarefas “comúns” do día a día na aula, e sobre as cales se sustenta a meirande parte do traballo pedagóxico e didáctico.

Comentamos de seguido diferentes aspectos relacionados coa organización destas tarefas didácticas ó longo do tempo así como outras organizacións temporais en relación aos proxectos ou UDIs.

6.1.- Sobre as Unidades didácticas integradas – proxectos didácticos:

Ademais das tarefas e apreciacións indicadas, introducíranse unha serie de tarefas concretas e específicas en cada momento relativas a iniciación a lecto escritura (traballos de lecto-escritura desde un punto de vista funcional e constructivista como encrucillados, pes de foto, creación de cómics, completar ou escribir cancións, receitas...., traballos de lóxica matemática específicos como relacións de peso entre obxectos, causa-efecto, plano inclinado, contar máis que menos que, xogos dirixidos, de regras, xogos motrices....). Todas estas tarefas específicas virán contempladas e indicadas nas diferentes *unidades didácticas integradas – proxectos de traballo* plantexados para períodos de 15-30 días aproximadamente e que se indicarán ó final deste programación.

Establecemos Unidades Didácticas integradas, xa que nos permite establecer nelas claramente, as diferentes relacións entre os obxectivos, contidos, e indicadores de logro para cada un dos diferentes criterios de avaliación establecidos, empregando xunto a outros instrumentos de avaliación unha rúbrica específica para cada unha delas. Aportamos tamén as competencias claves ás que se contribúe en cada caso para, facer aportacións, tal como se indica no currículum de infantil.

En cada unha destas “unidades – proxectos” mesturanse, ademais das tarefas didácticas que non serán incluídas nas mesmas, outra serie de actividades que non teñen porque ter relación directa co tema do proxecto ou actividade núcleo máis relevante de dita unidade.

Cada unidade-proxecto partirá dun proxecto de investigación que ben será plantexado ou dirixido, outras delas terán como “actividade núcleo” celebracións

(magosto, Nadal, entroido...) ou ben actividades motivantes a nivel centro (Salón do Libro, participación en actividades a nivel centro...).

Tendo en conta que a duración dun proxecto de traballo dependerá do grao de interese que amose o alumnado por el, e posible que actividades plantexadas en certas unidades-proxecto se modifiquen, estendan ou movan entre as diferentes unidades proxecto.

Para facer operativa esta programación, nas diferentes unidades didácticas non se indicarán as diferentes tarefas didácticas, que xa foron explicadas polo miúdo no apartado anterior.

6.2.- Organización do tempo ó longo da xornada:

Asisten ás aulas de educación infantil **1** mestra especialista de inglés, 1 de música, 1 **de psicomotricidade**, unha mestra de apoio e relixión católica. Asemade contaremos coa presenza da mestra de A.L para a realización dun taller **nunha sesión de 15min** á semana, **para** estimulación da linguaxe así como para a prevencións puntuais.

6.1.- Temporalización e secuenciación ó longo do curso:

Ó longo do curso, ademais do anteriormente indicado, secuenciaranse as unidades didácticas integradas – proxectos de traballo, en torno a “centros de interese”, considerándoos non como “tema común a toda a unidade didáctica” senón como a “tarefa de máis calado e motivación para os alumnos/as en cada caso”, ou ben indicado pola presenza de celebracións no centro (Nadal, magosto-samain, entroido).

Evítase a inclusión en solitario e de xeito independente, dos tradicionais centros de interese asociados a estacións por consideralos artificialmente creados e non motivantes para o alumnado, deixando o traballo destes aspectos os “registros, proxectos e demais tarefas didácticas” como antes se indicou.

Tendo en conta a necesidade de “partir dos intereses do alumnado” e aceptando a necesidade de escoitalos e aceptar as súas suxerencias, a planificación das unidades didácticas e os “seus centros de interese” son moi xerais e indican só “tendencias ou planificacións globais” previas susceptibles de modificación en calquera momento, así como do intercambio ou modificación no tempo da súa utilización

Resulta moi complicado, senón imposible, se queremos ter en conta “a vida da aula” e a participación activa do alumnado, o planificar unha por unha ó comezo do curso tódalas U.D.I ou proxectos a realizar, xa que estas evolucionarán en función do ritmo de aprendizaxe do alumnado, da vida na aula, dos feitos que teñan lugar, dos intereses momentáneos do grupo... Por todo isto a continuación indicamos unha serie de “orientacións temáticas” plantexadas a priori pero que poderán irse modificando ó longo do curso, así como as diferentes U.D.I ou proxectos propostos, que poden ser modificados ou opor outros en función dos aspectos metodolóxicos antes indicados.

Nalgúns casos dúas unidades didácticas integradas serán traballadas de forma simultánea pero a título organizativo serán presentadas nesta programación de forma separada.

Poderán incorporarse outra serie de pequenos proxectos que xurdan como resultado da vida na aula.

Os centros de interese plantexados a título orientativos en cada unidade didáctica integrada proxectos de traballo para o curso, atendendo as indicacións anteriores,(todos susceptibles de cambio), son:

Tódalas UD-UDI sinaladas con (+ensino mixto) contan cun plantexamento e deseño adicional que permiten a continuidade online da mesma. Aquelas sinaladas como (só ensino mixto) só se poderán levar a cabo no caso de educación online ou cando decaia o protocolo COVID. Por último as sinaladas como (se é posible) dependerán das limitacións que estableza o protocolo COVID e outra normativa no momento da súa celebración, neste caso algunhas das UD, contan con alternativas no caso de non ser posible levar a cabo idea inicial.

ANUAIS	MESES	ESTRAIS OU VARIOS MESES	SEMANAIS / MENSUAIS	CELEBRACIÓNS calendario esc.
UD 00 - Actividades do día a día na aula (rutinas, rutinas COVID, actividades semanais, trimestrais...)	00 - Experimentos para todo o ano! O recanto dos vídeos de experimentos ? (+ ensino mixto online).		01 - Xa estamos de volta: "Comezamos un novo curso". (+ ensino mixto online)	20 - Día universal da infancia
UD 00 - Actividades do día a día na aula para o ensino mixto (SÓ ONLINE)	UDI 00 - Traballando coa Robótica nas aulas	NOVEMBRO	UDI 02: Proxecto de tema libre en EI1 e EI 2 (+ensino mixto)	25 - Día internacional contra a violencia de xénero
		DECEMBRO	05: Celebración do día da constitución - (+ ensino mixto)	1 a 11: Constitución e estatuto de autonomía 10: Día da declaración Universal dos dereitos humanos
00 - Planificación das actividades complementari as e saídas (de ser posibles)	00 - Convertímonos en chefs cociñando na clase (SÓ ONLINE con	XANEIRO	UDI 05: Así celebramos o día da paz: Aprendemos na diversidade cultural.	30 - Día da non violencia e da paz
		FEBREIRO	UDI 06: Creamos o noso traballo para participar no Salón do libro e	UDI 07 Estamos de Entroido.: Obradoiro coas familias (de ser posible) ou só na aula (+ ensino mixto)

	ensino mixto)		visitar ó lobo Orbil (de ser posible)		8 - Día da muller 15 . Día mundial dos dereitos do consumidor 6-10: smana da prensa
		MARZO			
		ABRIL	UDI 08 : Proxecto de tema libre en E11 e E1 2 (+ensino mixto)	<i>Celebración Letras Galegas (UDI 00: Tarefas do día a día)</i>	7 - Día mundial da saúde 17 a 21 - Semana do libro
		MAIO			9 - Día de Europa 9 a 17: Letras galegas
		XUÑO	UDI 08 - Despedimos o curso:		5- Día do medio ambiente

As cores asignadas para cada UDI que se acompaña a esta programación de aula, teñen a finalidade de comprobar o a evolución das mesmas na aplicación Prográmame-UDIS.

Tendo en conta que cada unidade didáctica integrada ten que atender ós tres niveis presentes (3, 4 e 5 anos), as actividades propostas serán comúns para os tres niveis, salvo que se indique o contrario, pero cada unha delas terán un grao de “afondamento” e uns obxectivos específicos a conseguir con cada un dos niveis. Ademais moitas das tarefas, proxectos e actividades plantexadas en cada U.D estarán solapadas unhas coas outras en función da duración das mesmas, do interese amosado polo alumnado (motivación)...

Por este motivo non se diferencian os obxectivos e contidos nas U.D en certas ocasións para cada idade, xa que un mesmo obxectivo ou contido pode ser aplicado a diferentes idades cun distinto grao de consecución.

6.1.1- Aplicación do “Plan lector”:

Se ben o “plan lector” é unha planificación indicada no currículo de Educación Primaria, e como consecuencia de non aplicación en Educación infantil, consideramos importante tomar parte desta planificación encamiñada ó fomento da lectura, aplicando na aula certos aspectos propostos nel pero adaptados ós alumnos de Educación Infantil:

- Tal como foi acordado polo claustro de mestres/as para a de, Primaria, establécese un período de 30 minutos diarios de lectura que deberán ser incluídos na estrutura diaria da aula en tódalas aulas. Estableceremos “o momento de lectura de contos”, xa indicado na presente programación, con posterioridade a realización dos rexistros e do xeito indicado anteriormente.
- Establecemos unha sesión semana (aprox.) para a lectura de libros compartida por alumnos/as das dúas aulas
- Establécese un sistema de préstamo de libros para casa da biblioteca de aula, xa explicado no correspondente apartado con anterioridade. (ver 5.2.5)

- Fomentarse o uso como lecer ou como fonte de información do material escrito, nos supostos indicados no Proxectos de traballo e outras tarefas educativas anteriormente mencionadas. (ver 5.2.4)
- Animarase ós alumnos/as a que traian o centro “contos” para lerlles ós demais.
- Fomentarse o “contar contos” de xeito oral.
- Participación no Salón do libro infantil e xuvenil.
- Todas aquelas outras medidas que se tomen a nivel Centro neste sentido, teranse en conta e serán adaptadas a este ciclo.
- Tódalas aquelas actividades que se propoñan no Plan de lectura e que poidan se de aplicación ó curso.

6.1.2.- Plan de introdución das TIC: Tecnoloxías da información e comunicación.

Ó respecto da aplicación deste “plan das TIC” no aula de Educación infantil remitímonos ó apartado 5.2.6 da presente programación anual, onde se explicitan as “tarefas didácticas relativas ás Tecnoloxías e informática”.

6.1.3.- Plan de convivencia

A este respecto facemos referencia ás indicacións feitas nesta programación ó longo das diferentes tarefas didácticas e especialmente no apartado de Contidos, onde se indicaron algúns específicos en relación a valores, normas e actitudes, encamiñados á consecución do indicado no Plan de Convivencia do Centro.

Do mesmo xeito os obxectivos didácticos e os criterios de avaliación teñen en conta aspectos formativos relativos á convivencia solución dialogada de conflitos.

Por último cabe destacar a importancia que terá na aula a “solución de conflitos mediante o diálogo” tendo en conta as seguintes consideracións:

- Os conflitos entre iguais serán solucionados mediante o diálogo, Terán “que falar” para poñerse de acordo e “solucionar o problema”, de xeito gradual sen a intervención do mestre como mediador.
- Naqueles casos nos que se deba a unha “agresión” e non nunha disputa entre iguais, como no caso anterior, darase o apoio e autoconfianza necesaria ó alumno/a “agredido/a”, traballando co “agresor/a” aspectos de empatía co compañeiro/a agredido/a, e tendo o diálogo entre eles/as como forma de solucionar o conflito.
- Levaranse a cabo traballos grupais e en gran grupo en relación a solución dialogada de conflitos, poñerse no lugar do outro (empatía), respecto ós demais, os seus gustos... respecto ás creación e accións dos outros
- Traballar as normas de convivencia, os dereitos e os deberes na acción tutorial.
- Todos os obxectivos, contidos e outros aspectos relativos á convivencia, valores e normas presentes ó longo desta programación, nas tarefas didácticas (como os recantos por exemplo) e nas diferentes unidades didácticas.

7.- MATERIAIS E RECURSOS

Os *materias e recursos físicos* específicos para cada unidade didáctica indicaranse en cada caso, cos cambios pertinentes que poidan xurdir no seu uso segundo a dinámica da aula.

Os materias empregados nos diferentes recantos – zonas educativas foron indicados ó longo da explicación e principios metodolóxicos dos mesmos.

Citaremos asemade o emprego de materiais da natureza recollidos no contorno como follas, pedras, area... ou ben os traídos da casa: fotografías, botes, información para os proxectos de traballo e investigación, libros...

Xa por último no tocante ós recursos físicos citaremos o emprego non só da aula senón dos corredores, distintas dependencias comúns do centro, o patio do colexio e o contorno circundante do mesmo.

En canto ós *recursos persoais* compre destacar a presenza de Mestres/as especialistas na aula, ademais tentarse que participen nas tarefas propostas, na medida do posible, as familias dos alumnos/as tanto dun xeito directo (entrando na aula) como indirecto (facéndooos partícipes dos proxectos de traballo e outras tarefas. Os Mestres/as especialistas presentes no curso actual na aula son:

- Mestre especialista de EF (unha sesión semanal de psicomotricidade).
- Mestre especialista de Música (unha sesión semanal de expresión musical)
- Mestra especialista en Lingua Inglesa (dúas sesións semanal de 1/2 hora)
- Mestra especialista en A.L. (obradoiro de 15 minutos).
- Mestra especialista de Relixión Católica (unha sesión de Relixión Católica)

8.- PROGRAMACIÓNS ESPECIALISTAS

Cada especialista partirá das propostas dos titores/as de cada nivel para traballar de xeito globalizado.

9.- AVALIACIÓN

Ademais do indicado **no tocante á avaliación en cada unha das “tarefas didácticas”** indicadas e xunto cos principios de avaliación incluídos nas diferentes unidades didácticas, indicase a continuación de xeito xeral o proceso de avaliación deseñado. Todas estas indicación veñen enmarcadas na orde que regula a avaliación en E.I. (citada na introdución desta programación) así como no indicado no DCB de infantil, a LOE, LOMCE, P.E do Centro e programación de ciclo do centro.

Avaliarase non só o resultado de cada actividade senón todo o proceso: a actuación do Mestre/a, a metodoloxía... de xeito que podamos introducir cambios para mellorar o proceso de aprendizaxe. Esta avaliación basearase na

observación directa e na análise dos elementos que inflúen nel, anotando nun rexistro de aula as deficiencias atopadas e as melloras a introducir.

Levarase a cabo unha **avaliación inicial** de cada neno/a ó inicio do curso e sempre que se empece un novo tema para partir dos coñecementos previos e constatar o ritmo e o desenvolvemento individual. Farase tamén unha **avaliación formativa e continua** baseada na observación sistemática e individualizada para valora-los progresos e as dificultades de cada neno/a e propoñer actividades de reforzo ou ampliación adecuadas.

En cada trimestre os menos/as levarán un informe (**boletín informativo**) para as familias

9.1.- Instrumentos de avaliación:

Para a avaliación dos diferentes aspectos anteriormente indicados, así como das mencionadas tarefas didácticas, empregaremos os seguintes instrumentos de avaliación:

- Observación sistemática do alumnado
- Observación do funcionamento dos diferentes grupos cooperativos
- Diálogos en gran grupo.
- Anecdario de feitos sucedidos na aula.
- Rúbricas en cada una das U.D.I. ou proxectos e rúbricas de funcionamento das diferentes tarefas didácticas
- Outras escalas de valoración.
- Sociogramas e outros instrumentos de avaliación do funcionamento do grupo

En cada unha das U.D.I. ou proxectos incluímos tamén outros instrumentos de avaliación que empregaremos especificamente.

Indicadores mínimos agardables ó rematar o ciclo de Educación infantil:

Se ben non existe a promoción e en consecuencia uns criterios mínimos para o alumnado, resulta interesante establecer unha serie de indicadores agardables no alumnado cando remate a educación infantil. No caso de Educación infantil son os seguintes:

Linguaxes: comunicación e representación:

- Transmite oralmente sentimentos e información a outras persoas.
- Ten unha linguaxe oral fluída segundo o agardado para o seu grupo e idade.
- Respecta a quenda de palabra e é quen de escoitar os demais cando falan.
- Atópase na hipótese silábico-alfabética do proceso de adquisición da lecto-escritura
- Coñece, reconece e escribe, en maiúsculas, tódalas vogais e a meirande parte das consoantes.
- Memoria e reproduce pequenas cancións, rimas, trabalinguas, retahilas...
- Distingue son de silencio
- Utiliza a biblioteca adecuadamente.
- Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.
- Explora as posibilidades de expresión de diferentes materiais plásticos.
- Utiliza, na medida das súas posibilidades, as TIC.

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Coñece e recoñece, tanto nel mesmo como nos outros, as diferentes parte do corpo, tanto de forma global como segmentaria.
- Participa activamente en xogos respectando as normas establecidas, e colabora na creación das normas de xogos inventados.
- Aporta ideas ó grupo adecuadas á situación en cada momento.
- É autónomo nas súas accións segundo o agardado para o grupo de idade.
- Regula o propio comportamento adoptando hábitos elementais de organización, atención e esforzo.
- Resolve con autonomía as actividades da vida cotiá.
- Amona autonomía respecto das cuestións de hixiene corporal.
- Colabora no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

Coñecemento do contorno:

- Realiza series e clasificacións sinxelas.
- Coñece, recoñece e escribe os números.
- Emprega os números que coñece na solución de problemas da vida real: contar, ordenar, clasificar...
- Realiza estimacións de cantidade ante un conxunto de obxectos.
- Coñece e recoñece en obxectos reais o punto, liña, círculo, triángulo, rectángulo e cadrado
- É quen de situarse e de situar obxectos no espacio (diante, detrás, no medio, arriba, abaixo...) e no tempo (antes, despois, entre..)
- Coñece e emprega o vocabulario do entorno e o traballado nos proxectos.
- É capaz de realizar operacións de adición e sustracción con obxectos presentes.
- Plantexa pequenas hipóteses como resposta a preguntas.
- Coñece diferentes conceptos matemáticos: moitos, poucos, grande, pequeno...
- Identifica os grupos sociais aos que pertence colaborando na resolución de conflitos.

A **avaliación da práctica** docente levarase a cabo nas diferentes tarefas didácticas e tarefas propostas nas unidades didácticas de xeito que se poidan realizar as modificacións metodolóxicas e organizativas que se consideren oportunas para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

Avaliaranse asemade os espazos, tempos e recursos empregados de xeito que se permita adecualos a realidade existente en cada momento do proceso e os intereses e motivacións dos alumnos/as, realizando tamén as modificacións oportunas de recantos, horario e temporalización, intercambio ou desaparición de unidades didácticas plantexadas...

Adicionalmente ós criterios de avaliación establecidos nas concreción e relacións curriculares, establecidos nesta programación plantexamos tamén os seguintes criterios de avaliación relacionados coa práctica educativa na aula, co fin de introducir as modificacións que sexan oportunas ó longo do proceso.

Criterios para a avaliación do proceso educativo:

- ¿mantívose unha correcta e fluída relación coas familias?
- ¿os materiais elixidos foron os adecuados para as actividades propostas?
- ¿os tempos plantexados foron os axeitados?

- ¿a relación actividade → obxectivos propostos foi a axeitada?
- ¿modificouse a planificación en función da vida cotiá da aula?
- ¿os espazos foron os axeitados para as diferentes tarefas?
- ¿as actividades propostas foron motivantes?
- ¿atendeuse a diversidade do alumnado, entendendo como tal que cada alumno/a é diferente, con diferente ritmo evolutivo e características propias?

Como centro acordouse, empregar a seguinte rúbrica a fin de avaliar a práctica docente en Educación Infantil:

	Escada			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral trabállase dende un punto de vista participativo e non transmisivo do ensino.				
2. Faise tratamento individualizado cando cómpre, atendendo á diversidade				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. Deséñanse actividades multinivel. 4. Deseñáronse actividades de nivel adecuado, con obxectivos ben definidos, de interese para o alumnado, significativas, funcionais....				
5. Elabóranse probas de avaliación adaptadas á diversidade e ao alumnado con neae				
6. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos estándares a desenvolver				
6. Combínase o traballo individual e en equipo, primándose a aprendizaxe cooperativa				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. Aténdese á igualdade entre os sexos, á convivencia, ao coidado do medio e da saúde,...				

11. Ofrécense ao alumnado posibilidades de autoavaliación e coavaliación e amósanselle os criterios de avaliación de xeito claro				
12. Úsanse recursos variados, asequibles, adecuados, suficientes, atractivos e fontes diversas de información				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros de forma que regule a súa aprendizaxe				
14. Hai implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Existe coordinación real entre o profesorado a nivel horizontal e vertical				
16. Hai implicación no deseño e adecuación, logo da súa aplicación, das AC propostas e aprobadas.				
17. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
18. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escada			
	1	2	3	4
1. O nivel sinalado foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo a partir do estudo de ideas previas do alumnado o que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Promoveuse a participación activa de todo o alumnado.				

5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con neae.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con neae.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos e procedementos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á avaliación continuada e reguladora e observouse o traballo na aula durante o proceso.				
12. Desenvolvéronse estratexias metodolóxicas para acadar competencias				
13. Desenvolvéronse estratexias de traballo en equipo cooperativo				
14. Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.				

10.- RELACIÓN E COLABORACIÓN COAS FAMILIAS:

Establecerase un diálogo continuo ó longo do curso cos pais/nais e familias dos alumnos/as non só nos momentos destinado a “atención ós pais/nais”, senón sempre que se considere necesario para a correcta evolución educativa do alumnado.

Asemade serán informados de certos aspectos metodolóxicos presentes nesta programación (da que serán coñecedores) de xeito escrito (programacións publicadas na páxina web do centro) e oral (reunións) de modo que estean ó tanto do que os seus fillos/as están a facer na escolar e de por qué o están a facer. Todo isto sen prexuízo das solicitudes de información dos pais/nais ó longo do curso a este respecto.

Na práctica diaria solicitarase colaboración das familias en certas tarefas didácticas como proxectos de traballo, libros da biblioteca de aula para casa, normas... dos que previamente serán informados dos obxectivos e metodoloxía de traballo nos mesmos, así como da necesidade de cooperación entre escola e familias.

Por último entregarase cada trimestre, a través dunha entrevista individual, un informe trimestral coa evolución do seu fillo/a .

A presente programación didáctica contemplará asemade tódolos aspectos indicados na PXA, no Proxecto Educativo do centro, así como tódolos plans e proxectos levados a cabo no mesmo, nos cales o Equipo de Ciclo tivo a súa aportación.

O centro, no plan de acción tutorial, ten deseñadas diversas actuacións para potenciar a comunicación coas familias. A continuación recolleemos aquelas máis habituais:

Ø **Xuntanzas.**

Haberá unha a comezo de curso, por nivel. Estas xuntanzas servirán para comentar coas familias aspectos xerais do curso e tamén os aspectos curriculares que se corresponden ao nivel. Ademais falarase da metodoloxía de traballo e faranse suxestións sobre hábitos de estudo, fomento da autonomía,... O guión desas xuntanzas e as presentacións en formato dixital que axilicen o formato das xuntanzas concretarase conxuntamente co Departamento de Orientación seguindo o guión xeral que se recolle nos anexos do Plan de acción tutorial. Ao final da xuntanza repartirase á familia un folleto-resumo das suxestións comentadas.

Poderá haber outras xuntanzas ao longo do curso se se considera pertinente.

Ø **Folletos**

Ao longo do curso farase chegar ás familias diversa información: suxestións de libros de lectura, páxinas web sobre temáticas concretas, suxestións sobre autonomía, fomento da responsabilidade, prevención do acoso, etc

Ø **Blog.**

O centro, os equipos e os diversos niveis e materias contan cun blog onde aparecen informacións sobre o realizado na aula, ademais de suxestións de páxinas de interese para traballar na casa. O obxectivo é que as familias poidan participar a través da rede, informarse das temáticas que se traballan en aula e atopar recursos para o traballo co alumnado na casa. <http://mascotilandiavilaverde.blogspot.com/>

Ø **Aula virtual** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdevilaverde/aulavirtual/>

Ø **Entrevistas**

Sempre que cómpre, prográmanse entrevistas individuais das familias coas titorías, profesorado, orientación,... conxuntamente ou en individual. Esas entrevistas son rexistradas no cadro de contactos coas familias, no caderno de entrevistas ou na ficha individual do alumnado que ten o profesorado do centro e cuxo modelo se recolle nos documentos anexos do Plan de acción tutorial e se facilita ao profesorado na carpeta dixital de acollida ao comezo de curso. É dicir, téntase usar documentos e cadernos de rexistro das visitas das familias, tanto estandarizadas como non estandarizadas para que cada titoría/profesorado adopte as que considere máis adecuadas ás súas necesidades e poida ter recollidas convenientemente as mesmas.

Ø **Horario de titorías.**

Os martes, as familias poden entrevistarse persoalmente co profesorado nun horario establecido e comunicado (de 16 h a 17 h). Este curso adaptaranse ao establecido no Plan de adaptación á crise covid.

Ø **Tokapp.**

Dispónse dunha aplicación telefónica que permite remitir notas e mensaxes ás familias de forma rápida e instantánea.

Ø **Entrevista persoal trimestral.**

As familias recibirán persoalmente os resultados das avaliacións das súas fillas e dos seus fillos. Para iso, despois de cada sesión de avaliación, sinalaranse as datas desas entrevistas que permitirán que familias e titorías comenten a evolución académica do alumnado.

11.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ALUMNADO CON NEAE

- Buscaremos a máxima normalidade con propostas o máis cercanas posibles ao currículo ordinario e a maior atención individual. Isto fai máis complexa a nosa labor educativa polo que será preciso contar con recursos humanos, materiais e organizativos.
- En cada caso:
 - Faranse agrupamentos flexibles.
 - Introduciranse apoios especializados e non especializados en clases con especiais dificultades: comportamento, baixo nivel académico, ampla heteroxeneidade, problemas de lingua...
 - Flexibilizaranse os horarios.
 - Faranse agrupamentos variados. Entendemos a atención á diversidade como o conxunto de medidas educativas planificadas para facilitar ao alumno contextos de aprendizaxe que favorezan a socialización e a adquisición dos coñecementos necesarios para desenvolverse e participar na sociedade.
- Educaremos aos nenos e nenas no respecto ás diferenzas aproveitándoas para crear un ambiente enriquecedor onde medrar persoal e colectivamente.
 - Promoverase a titorización entre iguais.
 - Empregaranse recursos variados (distintos soportes, distintos formatos...)
 - Potenciaranse diferentes estilos de aprendizaxe.
 - Introduciranse métodos variados.
 - Traballarase por proxectos e recantos.
 - Introduciranse obradoiros.
 - Coidarase a organización dos espazos e empregaranse espazos diversos.
 - Utilizaranse distintos tipos de actividades para avaliar.
 - Promoverase a autoavaliación.
 - Programaranse situacións de aprendizaxe cooperativa. (No curso 2010-11 as sete titorías participaron nun PFAC de centro, o programa "Cooperar para Aprender, Aprender para Cooperar" coa Universidade VIC de Barcelona).
 - Faranse adaptacións curriculares significativas e non significativas.

- Diseñaranse actividades multinivel que permitan integrar todo o alumnado.

12.- APORTACIÓNS DA E. I. ÁS COMPETENCIAS CLAVE (competencias básicas)

Tal como establece o currículo que regula a Educación infantil, no seu anexo II, as oito competencias clave que segundo a L.O.E e L.O.M.C.E. se deben desenvolver no alumnado, veñen só indicadas para o ensino obrigatorio, no que non se atopa incluída o segundo Educación infantil no que se enmarca a presente programación.

Pese a isto, o mencionado currículo, establece que ó fin de facilitar a súa adquisición en etapas posteriores, se comece o seu desenvolvemento desde a Educación infantil impregnando todo o currículo. De feito nas nosas U.D.I. e proxectos así como na concreción curricular da presente programación, indicamos as Competencia claves ás que se contribúe en cada caso.

Se ben o currículo de infantil segue a denominadas competencias básicas, matemos nesta programación a terminoloxía, nova nomenclatura e terminoloxía que o currículo de primaria e a LOMCE establece en relación ás competencias clave.

A presente programación didáctica, nos diferentes apartados que a compoñen, foi intercalando entre os seus obxectivos, contidos, criterios de avaliación, tarefas didácticas, metodoloxía... elementos de desenvolvemento das 7 competencias clave, máis coa finalidade de clarificalas, indícanse a continuación que elementos da presente programación contribúen a cada unha das 8 oito competencias, tendo en conta que a metodoloxía a empregar (indicada nesta programación) enmárcase á perfección nas indicacións metodolóxicas feitas para o desenvolvemento destas competencias:

O fin de non repetir os elementos xa indicados facemos un pequeno resumo das apartacións destes apartados da programación ás diferentes competencias.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL):

Nesta competencia quedan enmarcadas tarefas didácticas como a asemblea, rexistros, proxectos de traballo... onde o alumno/a debe adquirir unha serie de destrezas comunicativas cos compañeiros/as.

Do mesmo xeito as orientacións feitas ó respecto da aproximación á lecto-escritura van encamiñadas tamén a consecución desta competencia lingüística.

Por último figuran certos obxectivos e contidos relativos á comunicación oral e escrita tamén vinculados con esta competencia, así como o programa de estimulación lingüística temperá organizado en coordinación coa mestra de A.L. xunto coas indicacións feitas ó respecto do proxecto lector.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA: (CMCT)

Os aspectos relativos ás tarefas didácticas de rexistros como o calendario, casa/colexio, cumpleaños, reloxo... todas elas encamiñadas a descubrir ós números como elementos funcionais da vida cotiá.

Por outra banda a solución de conflitos lóxicos do eido matemático (indicados nos proxectos de traballo) como medir, cuantificar, clasificar, seriar... van encamiñados tamén ó desenvolvemento desta competencia.

Por último engadimos tamén, os aspectos relativos á aproximación á “lóxica matemática” indicados nesta programación, así como os obxectivos, contidos e criterios de avaliación relacionados coa mesma.

COMPETENCIA DIXITAL (CD):

Os aspectos que contribúen o desenvolvemento desta competencia, veñen indicados nos apartados sobre o “plan das T.I.C.” e “tarefas didácticas relativas ás T.I.C.” desta programación. Véxanse pois ditos apartados.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CIDADÁS (CSC):

Ademais do indicado no “tratamento do plan de convivencia” e as orientacións dadas sobre a “solución de conflitos de forma dialogada”, contribúen tamén o desenvolvemento desta competencia, as tarefas didácticas relativas ás normas, recantos, asemblea e todas aquelas tarefas, obxectivos e contidos que teñen que ver coa capacidade social, de respecto ás diferencias e coeducación.

Unido ó anterior tódolos elementos desta programación relativos á autonomía e identidade persoal e autoestima do alumnado, contribuirán notablemente ó desenvolvemento desta competencia.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC):

A parte dos obxectivos e contidos da área de linguaxes comunicación e representación, relacionados coa creatividade, expresión de sentimentos... tamén contribuirán ó desenvolvemento desta competencia as celebracións culturais do centro como “letras galegas”, “salón do libro” o achegamento a formas artísticas e literarias (tarefas didácticas relativas á biblioteca e préstamo de libros), así como o fomento da creatividade e expresión libre de sentimentos por calesquera que ferramentas creativas (recanto de arte, dramatizacións.)

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER (CAA):

Toda esta programación está orientada ó fin último que desenvolve esta competencia, toda a metodoloxía está plantexada desde un enfoque constructivista que fai que o alumnado “modifique os seus esquemas cognitivos” cos novos aprendizaxes, á vez que adquire estratexias que lle permitan “solucionar autonomamente” conflitos cognitivos da vida real.

Como exemplos, e tendo en conta que toda a programación vai encamiñada a esta competencia, destacamos as tarefas didácticas dos proxectos de traballo, o aprendizaxe por descubrimento, os “erros” como oportunidade de aprendizaxe, a observación do contorno, a experimentación

Fomentarán tamén esta competencia tódolos aspectos indicados sobre o traballo en grupo, uso da memoria como “ferramenta” para a solución de conflitos cognitivos, desenvolvemento das capacidades lingüísticas e comunicativas...

COMPETENCIA PARA O SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

Un área completa, con nome similar (cos seus obxectivos e contidos), desenvolve por completo esta competencia, con aspectos relativos á autonomía de accións, movementos, decisións, coherencia con respecto ás consecuencias das decisións tomadas, respecto ás decisións dos outros...

Entre os aspectos indicados na programación, en relación con esta competencia, podemos destacar os “recantos” onde cada quen (en colaboración co seu grupo) ten que decidir autonomamente (toma de decisións) e obrar en consecuencia, aceptado incluso as “decisións erróneas tomadas” e buscando posibles solucións.

O traballo en grupo permitirá tamén desenvolver esta competencia, ó facer que o alumno/a se sinta participe e responsable do seu papel.

13.- CONSIDERACIÓNS FINAIS:

13.1- Competencia Emocional.

Consideramos que aínda que na lexislación vixente da nosa comunidade, non aparece reflectida a Competencia Emocional, no noso ciclo valoramos a necesidade de traballar as emocións co noso alumnado, xa que diariamente traballamos os seguintes contidos:

- Conciencia Emocional.
- Autoestima.
- Empatía.
- Habilidades socio-emocionais.
- Resolución de conflitos.

13.2- Traballo común de ciclo

Planificaranse unha serie de “actuacións comúns” os tres niveis de Educación Infantil. Estas actuacións se fundamentan na necesidade da coordinación entre os membros do Equipo de Educación Infantil, así como da consecución dunha serie de obxectivos no tocante a socialización dos alumnos/as.

A este respecto planificouse por, parte dos titores/as dos grupos do ciclo, a realización das seguintes actividades conxuntas.

13.2.1- Lectura compartida de contos:

Esta actividade consiste na lectura (observación, manipulación...) en parellas de contos das bibliotecas de aula (nun principio) e da biblioteca do Centro ou a pública do Concello (nun segundo momento).

Obxectivos:

- Respetar o ritmo de aprendizaxe dos compañeiros/as, sobre todo en relación á idade dos mesmos.
- Chegar a acordos cos demais como consecuencia do diálogo aberto.
- Aceptar que a lectura pode servir como algo lúdico.
- Tomar decisións de forma autónoma (respectando a opinión dos outros) aceptando as consecuencias das mesmas.
- Ser modelo dos compañeiros/as naqueles eidos nos que aínda precisan axuda.

Contidos:

- Os compañeiros/as: sentimentos, opinións.
- A lectura: funcións, elementos...
- Os libros: coidado, orden dos obxectos...
- Participar activamente na lectura compartida de contos, aportando suxerencias, respectando as opinións dos demais e usando o diálogo para amosar as opinións propias.
- Elaborar o rexistro acumulativo correspondente.
- Gusto polo traballo en grupo/parellas (traballo cos outros)
- Respecto polo ritmo de aprendizaxe e opinións dos demais
- Gusto pola lectura, coidado e orden do material (libros...)

13.3.- Outras actividades conxuntas:

Estanse a levar a cabo tamén unha serie de activades de xeito conxunto ó longo da semana, todas elas incluídas nas programacións de aula e Unidades Didácticas. De entre elas se levará a cabo unha planificada especificamente para tal fin un día despois do recreo, de xeito que logremos convertelo nunha rutina máis da vida da aula.

13.4- Período de adaptación:

Terase en conta o indicado no Plan para o período de adaptación do novo alumnado que se incorpora ó centro. Dito plan atópase na programación de ciclo do centro e no P.E., polo cal non será indicado nesta programación de forma pormenorizada. Foi presentado como Anexo VIII Plan de acollida, do Plan de adaptación á crise covid.

Cabe considerar tamén que a primeira unidade didáctica desta programación, está enmarcada na súa totalidade neste período de adaptación, co cal se fai unha adaptación dos principios xerais do citado plan á realidade da aula.

13.5- Adecuación ó P.E. e programación de ciclo.

Esta programación parte da programación de ciclo e do Proxecto Educativo do centro, e incluírá aquelas modificación que sexan incluídas nestas.

14.- CONSIDERACIÓNS SOBRE A IMPLANTACIÓN E CUMPRIMENTO DO PLAN E PROTOCOLO COVID, ASÍ COMO DO PLAN DE CONTINXENCIA.

Tal como se sinalou no preámbulo desta programación, todo o aquí establecido así como nas diferentes UDI e proxectos que compoñen esta programación de aula, están deseñados para unha suposta situación de normalidade. Mais de ter que poñer en marcha o Plan de continxencia e polo tanto a ensinanza a distancia teriamos en conta as seguintes medidas:

- O profesorado traballará co alumnado a través da aula virtual e os blog de nivel e especialidades. O traballo proporase con metodoloxía integradora ou globalizadora. As familias comunicarán ao profesorado as dispoñibilidades/dificultades de conexión ou falla de equipamento para, na medida do posible, tentar atopar solucións conxuntas e minimizar os efectos negativos para o alumnado.

- As tarefas propoñas o profesorado a través da aula virtual ou dos blog educativos, o alumnado utilizará eses medios para a devolución e entrega das mesmas. Co alumnado con falta de recursos dixitais tentarase buscar fórmulas alternativas de acceso ás actividades e a achega das mesmas ás titoras, poderanse tentar axudas a través do móbil e/ou Cruz Vermella, Casa Azul,...

- As actividades na aula virtual e blogs de nivel colocaranse coordinadamente entre o profesorado de nivel tendo presente unha adecuada temporalización. Serán actividades o máis globalizadas posible tanto en aula xeral como nos ámbitos. Deseñaranse propostas integradas multinivel entre áreas/materias/ámbitos a partir dunha temática de interese (actualidade, relacionadas cos proxectos, conmemoracións,...), a globalización será a idea prioritaria e promoverase o traballo colaborativo entre o profesorado das distintas áreas/ámbitos e materias. Tentarase que as propostas aparezan dosificadas por días/semanas.

- Combinaranse actividades virtuais e non virtuais: traballos prácticos de experimentación, resolución de problemas, busca de información, xogos, textualizacións, esquemas e resumos, lectura, contestación de preguntas, cuestionario, resolución de operacións, elaboración de vídeo/presentación/fotos/..., exercicios de completar, manexo de..., visionado de vídeos, escoita de información/contos, formulación de preguntas, debuxo, composición... Usaranse actividades con formatos variados: pdf, vídeos, textos de word, imaxe, ...

- O noso alumnado non é autónomo na súa aprendizaxe e precisa de acompañamento, contacto, estratexias didácticas concretas, autocontrol da concentración, interacción cara a cara, ... As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias. Por este motivo non consideramos a opción de realizar videoconferencias con docencia co alumnado, si a posibilidade de usar este medio para a comunicación, aclaracións, comentarios e o mantemento de contactos.

- Para o alumando con neae o profesorado adaptará as propostas coa orientación de DO, PT e AL, esas propostas tentarán a inclusión nas tarefas da aula e faranse chegar individualmente naqueles casos que se requira, non se establecerán fórmulas non inclusivas.

- O contacto co alumnado será periódico tanto para coñecer a súa evolución académica como de saúde. Eses contactos poderán facerse telefonicamente, por correo electrónico ou por videoconferencia. Realizaranse propostas que reforcen os vínculos co alumnado e as familias ademais dos sistemas de comunicación sincrónicas e asincrónicas.

- Os horarios de conexión por videoconferencia respectarán os horarios de titoría e especialidades. Serán elaborados/coordinados pola xefatura de estudos e calquera modificación necesaria deberá comunicarse oportunamente. Terase en conta a inclusión, polo que non haberá videoconferencias separadas con alumnado con neae (os horarios de apoio e intervención en aula do profesorado de PT e AI coordinarase con xefatura de estudos e DO). Por razóns educativas e de efectividade, terán unha duración limitada. Na duración das videoconferencias terase en conta as características do alumnado e os seus períodos de atención polo que non poderán ter unha duración superior a 90 minutos total (esta máxima duración co alumnado de 5º e 6º), poderán establecerse por grupos pequenos de clase. Estas conexións deberán facerse entre as 9 e as 14 e non se simultanearán con titorías coas familias inda que estean presentes nas videoconferencias. As videoconferencias co alumnado pequeno usaranse basicamente para manter o contacto, facer algunha indicación puntual, conversar sobre as tarefas, facer unha pequena presentación dun traballo, ... Debe terse en conta que nunca nelas se pode facer o mesmo que nunha clase presencial.

- A avaliación será continua e global, terá en conta as actividades e traballos realizados polo alumnado ademais dos resultados. Os instrumentos de avaliación permitirán determinar o nivel competencial do alumnado en cada área ou materia.

4º, 5º e 6º de Educación Infantil

Setembro 2020